orixinen aos concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais aos cales se lles concede a subvención para a realización dos programas previstos no artigo 5 da Resolución do 18 de xullo.

Norma reguladora: Resolución do 18 de xullo de 2007 pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2007 (DOG nº 144, do 26 de xullo).

Aplicación orzamentaria: 04.50.312C.460.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2007.

Crédito orzamentario: 1.171.241 € na aplicación orzamentaria 04.50.312C.460.0.

Entidades locais beneficiarias da subvención cunha contía igual ou superior a 3.000 € e importe da axuda concedida a cada unha delas expresado en euros, por orde alfabética:

| Entidade local | Contía subvención concedida |
|---|---|
| Ames | 20.500,00 |
| Arteixo | 33.500,00 |
| Avión | 5.350,00 |
| Baña (A) | 9.600,00 |
| Barbadás | 13.400,00 |
| Barco de Valdeorras (O) | 39.240,00 |
| Bergondo | 7.500,00 |
| Betanzos | 7.000,00 |
| Boiro | 16.000,00 |
| Bueu | 8.500,00 |
| Burela | 17.245,53 |
| Caldas de Reis | 36.500,00 |
| Camariñas | 10.000,00 |
| Cambre | 18.500,00 |
| Cangas | 26.500,00 |
| Carballeda de Avia | 5.000,00 |
| Carballiño, O | 20.000,00 |
| Carballo | 38.000,00 |
| Cerceda | 7.000,00 |
| Chantada | 5.000,00 |
| Consorcio As Mariñas | 26.732,33 |
| Coruña (A) | 14.500,00 |
| Culleredo | 29.417,67 |
| Entrimo | 5.240,00 |
| Estrada, A | 3.000,00 |
| Ferrol | 20.000,00 |
| Foz | 7.500,00 |
| Guitiriz | 6.500,00 |
| Lalín | 22.900,00 |
| Lugo | 39.971,69 |
| Mancomunidade de Municipios de Ordes | 6.000,00 |
| Mancomunidade Ría de Arousa-Zona Norte | 10.000,00 |
| Mancomunidade Terra de Celanova | 13.000,00 |
| Marín | 28.500,00 |
| Melide | 4.000,00 |
| Miño | 7.000,00 |
| Monforte de Lemos | 5.500,00 |
| Mos | 18.000,00 |
| Muros | 6.000,00 |
| Negreira | 34.500,00 |
| Nigrán | 11.480,00 |
| O Grove | 28.000,00 |
| Oleiros | 15.000,00 |
| Ordes | 14.000,00 |
| Ourense | 50.000,00 |
| Poio | 5.742,78 |
| Ponteareas | 14.500,00 |
| Pontes de García Rodríguez (As) | 4.400,00 |
| Pontevedra | 3.805,00 |
| Redondela | 23.850,00 |
| Ribadavia | 4.500,00 |
| Ribadumia | 6.000,00 |
| Salceda de Caselas | 5.000,00 |
| Santiago de Compostela | 9.000,00 |
| Sarria | 8.500,00 |
| Silleda | 6.000,00 |
| Tui | 10.200,00 |
| Verín | 33.500,00 |
| Vigo | 135.496,00 |
| Vilaboa | 21.500,00 |
| Vimianzo | 8.000,00 |
| Viveiro | 37.150,00 |
| Xinzo de Limia | 31.500,00 |

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2007.

Gumersindo Guinarte Cabada
Secretario xeral
da Presidencia

Manuel Luis Rodríguez González
Secretario xeral
de Emigración

*Resolución do 12 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades formativas e de sensibilización e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento.*

As políticas de cooperación ao desenvolvemento humano orientadas a unha real superación da pobreza precisan de iniciativas universais de promoción da solidariedade. Á cooperación internacional propia dos distintos gobernos nacionais únese tamén a vontade de cooperación que xorde de forma descentralizada nas comunidades autónomas e noutras administracións territoriais, así como en institucións ou axentes sociais e económicos diversos que senten como un deber ético común o compromiso de traballar pola consecución dos obxectivos de desenvolvemento do milenio.

Coa aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, a Comunidade Autónoma de Galicia reafirma este compromiso e asume como propia a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza e propiciar un desenvolvemento humano solidario e estable, que inclúa maiores cotas de liberdade e unha repartición máis xusta dos froitos do crecemento económico.

O artigo 23 desta lei considera axentes da cooperación as organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento así como as universidades, os sindicatos, as empresas e organizacións empresariais e as comunidades galegas no exterior.

Tendo en consideración isto, deben aprobarse as bases reguladoras para o ano 2008 para a execución de proxectos no exterior promovidos polos axentes de cooperación para actividades formativas e de sensibilización e para a consolidación e fortalecemento de

organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento de Galicia.

Pola súa vez, procede convocar a concesión de subvencións con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 de acordo con estas bases reguladoras e que garantan os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

En atención a estes principios e obxectivos, á procura da normalización e simplificación dos procedementos, e conforme a competencia atribuída pola disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 6 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, establécense estas bases reguladoras.

RESOLVO:

Artigo único.

1. Aprobar as bases reguladoras que figuran como anexo desta resolución para a concesión de subvencións a proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades formativas e de sensibilización e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento.

2. Convocar as subvencións con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2008 e 2009 de acordo coas bases reguladoras aprobadas nesta resolución, que se financiarán con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

CAPÍTULO I

AXUDAS A PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR PROMOVIDOS POLOS AXENTES DE COOPERACIÓN

Proxectos no exterior de ONGD.

04.41.331A.490.0, pola contía máxima total de 2.062.500 euros (1.237.500 euros no ano 2008 e 825.000 euros no ano 2009) e 04.41.331A.790.0, pola contía máxima total de 1.687.500 euros (1.012.500 euros no ano 2008 e 675.000 euros no ano 2009).

Proxectos no exterior doutros axentes.

04.41.331A.490.0, pola contía máxima total de 780.000 euros (468.000 no ano 2008 e de 312.000 euros no ano 2009) e 04.41.331A.790.0, pola contía máxima total de 520.000 euros (312.000 euros no ano 2008 e 208.000 euros no ano 2009).

CAPÍTULO II

AXUDAS A ONGD PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

04.41.331A.481.0, pola contía máxima total de 420.000 euros (252.000 euros no ano 2008 e de 168.000 euros no ano 2009).

CAPÍTULO III

AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E O FORTALECEMENTO DE ONGD

04.41.331A.481.0, pola contía máxima total de 300.000 euros (180.000 euros no ano 2008 e 120.000 euros no ano 2009).

3. Contra estas bases reguladoras e a convocatoria cabe interpoñer os seguintes recursos:

a) Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa correspondente publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Directamente, recurso contencioso- administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-Esta resolución tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, ao existir crédito axeitado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do día 18 de outubro de 2007.

Segunda.-A convocatoria e a concesión das axudas reguladas nesta resolución estará supeditada á existencia de crédito suficiente nas aplicacións orzamentarias 04.41.331A.481.0, 04.41.331A.490.0 e 04.41.331A.790.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2008.

Terceira.-Autorízase a directora xeral de Cooperación Exterior para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións precisas para o desenvolvemento e cumprimento desta resolución.

Cuarta.-Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de decembro do 2007.

Julio César Fernández Mato
Secretario xeral de Relacións Exteriores

*ANEXO*

Bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades formativas e de sensibilización e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento.

CAPÍTULO I

AXUDAS A PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR PROMOVIDOS POLOS AXENTES DE COOPERACIÓN

Artigo 1º.-*Obxecto*.

1. O obxecto destas bases é a regulación da concesión de subvencións ás organizacións non-goberna-

mentais, ás universidades, ás empresas e organizacións empresariais, aos sindicatos e ás comunidades galegas no exterior que teñan a condición de axentes de cooperación, para a execución de proxectos no exterior.

2. Exclúense destas bases os proxectos que teñan como obxecto a axuda humanitaria e os de carácter asistencial que non poidan asegurar a súa viabilidade cando cese o financiamento externo.

Artigo 2º.-*Requisitos que deben reunir as entidades beneficiarias e os proxectos.*

2.1. Requisitos xerais.

a) Estar inscritos con polo menos seis meses de antigüidade no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, creado polo Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o citado rexistro.

b) Ter xustificadas, se é o caso, e antes da data de presentación da solicitude para esta convocatoria, as axudas recibidas para a anualidade 2006 por parte da Xunta de Galicia a outros proxectos en materia de cooperación ao desenvolvemento, subvencionados anteriormente. Así mesmo, é necesario que se efectuase o correspondente ingreso, nos casos en que, sobre os beneficiarios de axudas económicas, recaese resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.

c) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Ter sede, domicilio social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, agás as comunidades no exterior. Entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades. Neste caso, esta asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ao mantemento da documentación, á contabilidade e á coxestión do proxecto na súa oficina de Galicia, entendendo por esta a participación en, polo menos, a identificación, formulación, seguimento e avaliación do proxecto.

Tamén poderán acceder ás subvencións os proxectos presentados por unha entidade beneficiaria desta convocatoria, agrupada con calquera das entidades definidas como axentes de cooperación segundo o artigo 23.1º, letras b), c), d), e), f), g) da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, que cumprindo os requisitos anteriores se presenten agrupadas. Neste caso, cada unha das entidades deberá cumprir os requisitos sinalados anteriormente, e deberá xuntar á solicitude a documentación a que se refire o artigo 3.2º -carpeta 1- destas bases reguladoras, así como o contrato ou acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais polo que se obrigan solidariamente ante a Xunta de Galicia polas posibles responsabilidades derivadas da execución do proxecto e, se é o caso, ao reintegro total ou parcial das subvencións nos supostos de falsidade ou ocultación de datos ou incumprimento pleno ou parcial dos fins para os que se lle concedeu a subvención.

Tanto na solicitude como na resolución de concesión deberán facerse constar os compromisos de execución asumidos por cada entidade membro da agrupación, así como o importe da subvención que executará por cada unha delas. As entidades agrupadas asumen a responsabilidade solidaria do proxecto e designarán un responsable con poder bastante para cumprir as obrigas que como beneficiaria lle corresponderían á agrupación de entidades, e que necesariamente pertenecerá á entidade solicitante. Así mesmo, designarán un enderezo único para os efectos de notificacións administrativas dos expedientes. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos.

A entidade solicitante poderá presentar un máximo de dous proxectos, que poderán ser tres no suposto de presentar este último en agrupación con outras entidades. As universidades estarán exentas desta limitación.

2.2. Requisitos específicos.

a) Organizacións non-gobernamentais.

1. Carecer de ánimo de lucro.

b) Sindicatos:

1. Ter depositados os seus estatutos, por medio dos seus promotores ou dirixentes, na oficina pública correspondente, de acordo co previsto no número 1 do artigo 4 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical.

c) Organizacións empresariais:

1. Ter depositados os seus estatutos na oficina pública correspondente.

d) Universidades:

1. Formar parte do sistema universitario de Galicia segundo a Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia.

2. Poderán optar a estas subvencións, a través das universidades galegas, os seus departamentos e institutos que realicen actividades que poidan ser obxecto destas axudas da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Empresas:

1. Se fose persoa xurídica, estar inscrita no Rexistro Mercantil.

2. Se fose persoa natural, estar inscrita, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

f) Comunidades galegas no exterior:

1. Ter recoñecida a súa galeguidade ou a súa condición de centro colaborador.

2.3. Requisitos dos proxectos.

a) Non estar iniciada a execución do proxecto antes do 2 de xaneiro do 2008. Nos supostos en que o proxecto teña carácter anual, estes deberán executarse antes do 30 de novembro do ano en que se conceda a subvención. No caso de proxectos con carácter plurianual, estos deberán executarse antes do 31 de outubro do ano seguinte ao de concesión da subvención, e deberá executarse polo menos o 60% da contía total do proxecto no ano 2008.

b) Que se identifiquen contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material do proxecto e na xestión dos recursos, constando expresamente o seu compromiso no proxecto.

c) Que as accións non teñan como obxectivo a substitución do Estado na prestación de servizos públicos de saúde, a educación regulada ou a investigación oficial, agás razóns excepcionais.

d) Que o proxecto redunde na ampliación das capacidades e as liberdades das poboacións beneficiarias: que conten coa participación dos beneficiarios/as no desenvolvemento do proxecto; que non sexa discriminatorio por razón de cultura, raza, sexo, relixión ou orixe; que fomente a igualdade entre homes e mulleres; e que sexa respectuoso coa protección do ambiente.

e) Que teña unha repercusión práctica e cuantificable na satisfacción das necesidades básicas da poboación das zonas máis desfavorecidas do país en que se execute, e que sexa respectuoso cos obxectivos de desenvolvemento do país, da zona onde se leve a cabo a acción e das comunidades beneficiarias.

f) Que o proxecto se axuste tanto á realidade como á capacidade de xestión da entidade solicitante e á da súa contraparte, co fin de asegurar a súa viabilidade.

Artigo 3º.-*Solicitude.*

3.1. A solicitude de subvención presentarase de acordo co modelo que figura como anexo I destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na páxina web www.cooperaciongalega.org.

3.2. A citada solicitude irá acompañada da documentación que se recolle a continuación e do proxecto, que se presentará no modelo oficial de documento de formulación do proxecto. A documentación e o documento de formulación serán presentados por duplicado (orixinal e fotocopia). O documento de formulación do proxecto tamén se entregará en formato CD:

Carpeta 1: información relativa á entidade solicitante.

a) Certificación asinada polo secretario da entidade, relativa á:

-Representación da persoa responsable legal da entidade (para aquelas entidades con domicilio social en Galicia) e copia compulsada do seu DNI. En defecto da certificación do secretario, presentarase poder bastante sobre a representación para o seu responsable ou delegado en Galicia que actúe en nome da entidade.

-Depósito dos seus estatutos na oficina pública correspondente, cando proceda.

-Que dispón de sede central ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, agás as universidades e as comunidades galegas e os seus centros colaboradores.

-Composición do órgano de goberno da dirección da entidade (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe aos postos de representante legal e secretario/a).

-CIF da entidade.

No suposto de que a entidade presentase esta documentación ou parte a outra convocatoria de axudas das convocadas pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con achegar unha declaración que especifique a documentación xa presentada, así como o número de expediente en que se atopa incorporada, anexando a documentación que falte ou estea sen actualizar.

No caso de que calquera documento dos recollidos neste punto carecese de vixencia no Rexistro de Axentes de Cooperación, farase indicación expresa sobre el e achegarase debidamente compulsado ese documento, co obxecto de ser incorporado de oficio ao rexistro.

Cando a persoa que formule a solicitude non sexa ningunha daquelas das que se dispón de datos no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento, deberase achegar xunto coa certificación anterior copia compulsada do seu DNI e certificación do secretario/a da entidade, acreditativa da vinculación que a une coa entidade solicitante.

Desta obriga quedarán exceptuadas as universidades.

b) Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incursa en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo modelo que figura como anexo IV.

c) Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias e sociais e certificación da Consellería de Economía e Facenda de non ter ningunha débeda por ningún concepto coa facenda autonómica, agás as universidades e as comunidades galegas no exterior, de acordo co establecido nas letras c) e j) do artigo 41 da Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o

ano 2007 e co que se estableza na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2008. A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

d) Declaración responsable do representante legal da entidade en que se precisen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

e) Certificación da Secretaría da entidade en Galicia con referencia ao balance de contas da entidade (ingresos de carácter público e privado e gastos) da última liquidación do orzamento rendida e aprobada polo órgano competente da entidade, no caso das ONGD deberá figurar expresamente o número de socios/as en Galicia. Desta obriga quedarán exceptuadas as universidades.

f) Memoria da organización en que se inclúan as accións da entidade nos últimos dous anos. Farase especial mención dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento levados a cabo no ano anterior financiados por entidades galegas, públicas ou privadas, daquelas actuacións levadas a cabo na mesma zona do proxecto que se presenta e dos seus beneficiarios/as, ou daquelas realizadas noutras zonas pero no mesmo sector de actuación.

g) Plan/estratexia de cooperación da entidade para os seguintes anos (dous como mínimo) en que se enmarca o proxecto presentado.

h) Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, ademais de presentar individualmente a documentación prevista nesta carpeta, deberán xuntar á solicitude o contrato ou acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais polo que se obrigan solidariamente ante a Xunta de Galicia polas posibles responsabilidades derivadas da execución do proxecto e, se é o caso, ao reintegro total ou parcial das subvencións nos supostos de falsidade ou ocultación de datos ou incumprimento pleno ou parcial dos fins para os que se lles concedeu a subvención. Neste documento designarán un representante legal, que necesariamente pertencerá á entidade solicitante, e un enderezo único para efectos de notificacións. Así mesmo, deberanse detallar as actuacións en que colaboran conxuntamente e o grao de participación de cada unha delas no que se refire ao financiamento, ás actividades que se van desenvolver e á distribución da subvención prevista, de ser o caso.

i) Os axentes de cooperación que pola súa natureza xurídica posúan ánimo de lucro achegarán documento de compromiso de non obter ningún beneficio da operación, segundo o artigo 23.b) da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. O devandito documento estará asinado polo representante legal da entidade e suporá a obriga de encargar pola súa conta unha auditoría contable, que deberá ser efectuada por un profesional independente inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC), do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, e onde se detallarán os gastos directos da intervención e a súa plena correspondencia co obxecto da axuda outorgada. Os auditores exercentes no país onde se levará a cabo a revisión considerase como tales sempre que no dito país exista un réxime de habilitación para o exercicio da profesión e, no seu caso, sexa preceptiva a obriga de someter a auditoría aos seus estados contables. De non existir un sistema de habilitación para o exercicio da profesión, a revisión prevista poderá realizarse por un auditor establecido no devandito país, sempre que a designación deste a leve a cabo a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, segundo uns criterios técnicos que garantan a axeitada calidade.

j) As universidades incluirán certificación, expedida polo representante legal segundo o establecido ao respecto na normativa de universidades e nos respectivos estatutos, que autorice a presentación do proxecto á convocatoria, e que autorice, así mesmo, o compromiso de gasto correspondente.

Carpeta 2: información relativa á contraparte local.

a) Documentación acreditativa da representación legal da entidade: copia do documento no cal se recolla o nomeamento do representante legal e do seu documento ou cédula de identidade.

b) Declaración do representante legal da entidade na cal se especifique, se procede: a personalidade xurídica do socio ou contraparte local; o seu domicilio social; o número de identificación fiscal da entidade; balance de ingresos e gastos da última liquidación orzamentaria; cuantificación do número de socios/as da entidade e descrición da vinculación existente entre a entidade e o persoal ao seu servizo. Así mesmo, achegarase copia dos estatutos da entidade e copia do número de identificación fiscal da entidade.

c) Memoria de actividades e traballos da entidade onde se inclúan outros proxectos de cooperación ao desenvolvemento en que participase así como a experiencia acadada na zona e no sector de actuación do proxecto (como mínimo dos dous últimos anos).

No caso de que a entidade solicitante presentase esta documentación ou parte a outra convocatoria de axudas das convocadas pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con achegar unha declaración que especifique a documentación xa presentada, así como o número de expediente en que se atopa incorporada, anexando a documentación que falte.

Carpeta 3: información relativa ao proxecto de desenvolvemento.

A información sobre o proxecto presentarase no documento de formulación normalizado para o efecto, que poderá descargarse da páxina web da Cooperación Galega, http://www.cooperaciongalega.org.

Calquera problema, dúbida ou aclaración poderáselle formular directamente á DXCE ou a través do enderezo electrónico cooperacion.exterior@xunta.es.

3.3. A falta de documentación relativa ás carpetas 1 e 2 e de información nalgunha das carpetas impedirán a avaliación do proxecto, se non se procedese á súa emenda dentro do prazo establecido no artigo 17 desta resolución. Quedarán excluídos da posibilidade de emenda aqueles documentos que impliquen unha elaboración propia por parte da entidade solicitante, isto é, aqueles previstos nas letras f) e g) da carpeta 1 e o documento de proxecto (carpeta 3).

Así mesmo, a manipulación do documento de formulación normalizado ou o emprego dun documento que non sexa o adaptado a esta convocatoria conducirá á exclusión e non-avaliación do proxecto.

Artigo 4º.-*Condicións de financiamento.*

A Xunta de Galicia poderá financiar ata un 95% do orzamento total do proxecto, para o caso doutros axentes, e non superará en ningún caso a subvención concedida os 150.000 euros. No caso de ONGD a subvención concedida non poderá superar o límite de 175.000 euros.

Nos proxectos presentados por varias entidades, a subvención concedida non excederá o límite de 350.000 euros para aquelas agrupacións lideradas por unha ONGD, e de 250.000 para aquelas agrupacións lideradas por un dos outros axentes.

Os xuros que, se é o caso, xeren os fondos transferidos pola Xunta de Galicia, reinvestiranse en custos directos, de xeito que non poderán ser imputados a custos indirectos.

Artigo 5º.-*Gastos subvencionables, criterios de valoración e valoración dos proxectos.*

5.1. Gastos subvencionables.

1. Serán gastos subvencionables os custos directos e os custos indirectos do proxecto, agás no suposto de que as entidades solicitantes sexan empresas, en tal caso subvencionaranse exclusivamente os custos directos.

2. Entenderanse por custos directos aqueles que son imprescindibles para a posta en marcha do proxecto, vinculados á execución da intervención e que financian a consecución dos obxectivos. Para os efectos de concesión da axuda teranse en conta os seguintes:

a) Aqueles derivados da identificación da intervención no terreo, ata un máximo de 10.000 euros por proxecto, sempre que se realizasen no prazo dos tres meses anteriores á data de presentación da solicitudes desta convocatoria.

b) Terreos e inmobles (inclúe compra ou aluguer). No suposto de adquisición de bens inmobles, debe achegarse certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

c) Construción e/ou reforma de inmobles e infraestruturas (inclúe man de obra, dirección de obra, licenza de obras e taxas, materiais de construción e o transporte dos citados materiais). No caso de ser prestada a man de obra ligada a estas tarefas pola contraparte local ou a poboación beneficiaria, só se aceptará a súa valoración de estar acreditada de xeito suficiente a prezos de mercado local.

d) Equipos, materiais e subministracións. Considerarase equipamento a adquisición de elementos de inmobilizado distintos a terreos e edificios, afectos á actividade subvencionada: maquinaria, mobiliario, equipos informáticos e outro equipamento. Nese concepto inclúense os gastos derivados do envío dos equipamentos.

Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, de ser o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

e) Persoal. Para os efectos desta norma entenderase:

1. Persoal expatriado, aquel persoal da entidade española sometido á lexislación española, que presta os seus servizos no país onde se executa a intervención obxecto da subvención e cuxas funcións e tarefas están directamente relacionadas con aquela. Para o envío de expatriados achegarase unha memoria xustificativa da necesidade de envío do dito persoal e marcaranse os criterios de aptitude e cualificación requiridos para a correcta realización da acción, a duración e a descrición de tarefas. O salario para o persoal expatriado non excederá de 30.000 euros brutos por persoa e ano.

2. Persoal local, aquel persoal da contraparte local ou contratado ao servizo do proxecto sometido á lexislación laboral do país onde se executa a intervención obxecto de subvención e no cal presta os seus servizos, de acordo co réxime laboral correspondente ás súas funcións e desempeño, estando as súas funcións e tarefas directamente relacionadas coa intervención. Deberá acreditarse documentalmente o salario medio para ese tipo de contrato do país ou zona onde se execute o proxecto.

3. Persoal en sede, aquel da entidade española sometido á lexislación española, que presta os seus servizos en España, con independencia de que por razón das súas funcións teña que desprazarse aos países de execución ocasional ou regularmente, e cuxas funcións e tarefas están imputadas á posta en execución e seguimento da intervención obxecto da subvención. En todos os casos a imputación poderá ser total ou parcial en función da dedicación. A entidade solicitante deberá recorrer na medida do posible aos recursos humanos locais.

Os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios, seguros sociais a cargo da entidade do persoal afecto á intervención, así como calquera outro seguro que se subscriba a nome do persoal ou da súa familia en primeiro grao. O importe máximo aplicable por este concepto non poderá superar o 30% do orzamento total do proxecto, agás nos que o seu contido sexa de carácter predominantemente inmaterial, nos cales poderá ascender ata o 50%. Cando a entidade solicitante sexa unha universidade, os límites situaranse no 35% e 60%, respectivamente. A contía solicitada non poderá ser superior a 100.000 euros.

f) Servizos técnicos e profesionais, requiridos para a realización de capacitacións, seminarios, diagnósticos, informes, publicacións, control de xestión ou outras necesidades previstas na formulación da intervención.

g) Funcionamento no terreo (electricidade, auga, comunicacións, mantemento e seguridade) ata un máximo do 1% do orzamento do proxecto.

h) Viaxes, aloxamento e axudas de custo. Inclúense os gastos vinculados á mobilidade do persoal e beneficiarios/as necesaria para a execución da intervención (incluíndo combustible, seguros e mantemento de vehículos que se atopen especificamente identificados na formulación da intervención e vinculados a esta). A contía máxima que se pode imputar a este concepto non superará o 7% do orzamento total do proxecto, non sendo nunca superior a 15.000 euros.

i) Avaliación externa obrigatoria ao final da intervención e requirida polas bases desta convocatoria no caso dos proxectos que recibisen unha subvención superior a 120.000 euros, así como outras non obrigatorias que se prevexan no documento de formulación do proxecto que acompaña a solicitude de subvención. A avaliación externa deberá ser realizada por persoa ou entidade recoñecida en Galicia e no país de execución do proxecto, para o que se acreditará a súa solvencia e experiencia na realización destas avaliacións, xuntando a documentación que xustifique esta.

A contía máxima que se pode imputar a este concepto non superará o 3 % do orzamento total do proxecto, non sendo nunca superior a 6.000 euros.

j) Auditoría contable. Financiarase para os axentes de cooperación que non posúan ánimo de lucro nun máximo do 2% do montante total da subvención solicitada, que en ningún caso poderá ser superior a 4.000 euros. As universidades están eximidas da presentación da dita auditoría contable.

Segundo establece a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, as entidades que posúan ánimo de lucro terán a obriga de encargar pola súa conta unha auditoría contable, que deberá ser efectuada por un profesional independente inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC), do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, e onde se detallarán os gastos directos da intervención e a súa plena correspondencia co obxecto da axuda outorgada. En ningún caso poderán imputarse á operación gastos indirectos ou de xestión. Os auditores exercentes no país onde se levará a cabo a revisión consideraranse como tales, sempre que no dito país exista un réxime de habilitación para o exercicio da profesión e, no seu caso, sexa preceptiva a obriga de someter a auditoría os seus estados contables. De non existir un sistema de habilitación para o exercicio da profesión, a revisión prevista poderá realizarse por un auditor establecido no dito país, sempre que a designación deste a leve a cabo a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, segundo a uns criterios técnicos que garantan a axeitada calidade.

k) Fondo rotatorio. Enténdese por tal a cantidade económica que se emprega como préstamos directos ou en especie ás persoas beneficiarias, que deben ser devoltos por elas nas condicións contractuais que se establezan destinadas a garantir a súa devolución. O fondo rotatorio non poderá superar o 9% do custo total do proxecto.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, incluídos os de avaliación e auditoría, os gastos rexistrais e periciais para a realización do proxecto son subvencionables sempre que estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a axeitada preparación ou execución desta.

3. Custos indirectos: son os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante e da contraparte, que resultan da formulación e execución do proxecto, así como da difusión da execución e do seguimento do proxecto en Galicia. A porcentaxe máxima aplicable a este concepto será de ata o 10% do importe total do orzamento do proxecto, e non será nunca superior a 20.000 euros.

Estes gastos imputaranse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptadas e, en todo caso, na medida en que tales importes correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

O dito gasto imputarase dentro do período de execución da intervención e será acreditado ante a DXCE dunha soa vez pola entidade solicitante mediante unha declaración responsable do representante legal.

Se a entidade solicitante é unha empresa, en tal caso non se subvencionarán os custos indirectos.

4. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, estes deberán quedar formalmente vinculados, durante dez anos os bens inscribibles nun rexistro público, e cinco anos para o resto de bens, para os fins das actuacións realizadas. Unha vez rematen estas, deberán ser transferidos a unha Administración pública do país beneficiario ou a unha contraparte local, que se faga responsable da súa utilización para o fin creado e do seu correcto mantemento. Tal cesión deberá quedar documentada a través de escritura pública.

No suposto dos bens inscribibles nun úblico, deberá facerse constar na escritura pública a circunstancia da afectación e o período polo que se afectan os bens, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente. A Secretaría Xeral de Relacións Exteriores deberá autorizar previamente tal cesión.

O incumprimento da obriga de destino referida na letra anterior, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedando o ben afecto ao pagamento do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título ou en establecemento mercantil ou industrial, no caso de bens mobles non inscribibles.

5. En ningún caso serán gastos subvencionables:

-Os elementos de transporte externos, con excepción dos vehículos de dúas rodas.

-Os intereses debedores das contas bancarias.

-Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.

-Gastos de procedementos xudiciais.

-As amortizacións de bens inventariables.

5.2. Criterios de valoración.

a) Prioridades para todos os axentes de cooperación:

1. Prioridades xeográficas:

Países prioritarios: América Central (Honduras, El Salvador, Nicaragua e Guatemala); Caribe (República Dominicana, Haití e Cuba); América do Sur (Perú, Ecuador e Bolivia); África (Angola, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Mauritania, Mozambique, Namibia e Senegal) e os campamentos saharauis. Dentro destes países, consideraranse prioritarias, pola súa vez, aquelas zonas definidas como tales nos plans de actuación por país (PAP) que estean aprobados na data de publicación desta convocatoria.

Así mesmo, poderanse presentar proxectos que, enmarcados nas prioridades sectoriais establecidas no artigo 8 da Lei galega de cooperación para o desenvolvemento se executen en Arxentina, Uruguai ou Venezuela.

2. Prioridades sectoriais.

Consideraranse prioritarias aquelas actuacións coincidentes co proposto nos PAP dos países prioritarios que estean aprobados na data de publicación desta convocatoria e que estarán dispoñibles na páxina web oficial da Cooperación Galega.

Para aqueles países en que non se dispoña de PAP, na data de publicación desta convocatoria e de acordo co establecido no artigo 8 da Lei galega de cooperación para o desenvolvemento, teranse especialmente en conta os proxectos que se integren nas seguintes prioridades:

a) Cobertura de necesidades sociais básicas (saúde, educación básica, poboación e saúde reprodutiva, nutrición e seguridade alimentaria, traballos elementais de subministración de auga e saneamento, vivenda e outras infraestruturas básicas, programas integrados en materia de necesidades básicas).

b) Infraestrutura e promoción do tecido económico, en especial aqueles proxectos que promovan o comercio xusto (proxectos de economía social e cooperativas, dinamización do sector privado e programas de desenvolvemento, investimento no sector pesqueiro, investimento no sector agroindustrial, desenvolvemento forestal, comunicacións, enerxías).

c) Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno (defensa dos dereitos humanos, especialmente no referente ás accións positivas tendentes a mellorar a posición das mulleres na sociedade, promoción da participación social e empoderamento, desenvolvemento das institucións e estruturas democráticas, fortalecemento do Estado de dereito e procesos descentralizados).

d) Investimento no ser humano (apoio á educación superior e á consolidación da cooperación interuniversitaria, apoio ao desenvolvemento intercultural e á preservación do patrimonio cultural, investigación, transferencia e intercambio de coñecemento e tecnoloxía).

e) A protección e mellora da calidade do medio ambiente, respectando a biodiversidade, a conservación e a utilización renovable e sustentable dos recursos naturais.

3. Outras prioridades:

-Que sexan presentados por unha agrupación de entidades, dúas ou máis, das recoñecidas como axentes galegos de cooperación exterior (artigo 23 b), c), d), e), f), g) da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. A entidade solicitante asumirá o liderado da dita agrupación.

-Que se desenvolva nun país considerado como menos adiantado (PMA).

-Que complementen programas institucionais de desenvolvemento.

-Que teñan un maior grao de implicación dos beneficiarios/as e da contraparte local no proxecto, tanto na súa formulación como na súa execución. Serán

prioritarios aqueles proxectos con maior número de beneficiarios/as, así como aqueles que atendan a infancia e a muller, as comunidades indíxenas, refuxiados e desprazados.

-Que a súa sustentabilidade estea garantida unha vez finalizada a acción exterior.

-Que se inclúa no proxecto estratexia de difusión do proxecto en Galicia.

-Que prevexan a realización dunha avaliación externa que se presentará co informe final, en que conste o grao de cumprimento dos obxectivos acadados, cando se trate de proxectos polos que se solicite unha subvención inferior a 120.000 euros.

b) Prioridades segundo os axentes de cooperación:

Universidades:

a) Actividades de cooperación interuniversitaria, como fortalecemento institucional das universidades dos países en desenvolvemento, asistencia para o deseño de títulos e currículos académicos, apoio á mobilidade de investigadores e docentes e realización de investigacións conxuntas, organización de pasantías de alumnos en prácticas, formación de redes para o traballo en común e outras.

b) Actividades de identificación, apoio e asistencia ao resto dos actores da axuda tanto administracións públicas como entidades privadas (ONGD) e de desenvolvemento científico e transferencia de tecnoloxía.

Empresas:

a) Dotación de bens e servizos -materiais, obras e asistencia técnica- que os procesos de desenvolvemento demanden, así como achega libre de recursos humanos, materiais, técnicos ou financeiros a proxectos ou institucións de desenvolvemento.

b) Actividades de fortalecemento do sector privado dos países en desenvolvemento, apoiando a súa participación no diálogo social a través da transferencia da súa experiencia e recursos a institucións homólogas do mundo en desenvolvemento, como tarefas de formación do empresariado e de asistencia técnica en áreas profesionais definidas e no apoio á consolidación das organizacións empresariais.

c) Promoción dos contactos previos e os estudos de identificación ou prefactibilidade que alenten a creación de oportunidades para a posta en marcha de iniciativas empresariais conxuntas, que permitan xerar renda e emprego no país en desenvolvemento, fortalecendo o tecido produtivo do país.

d) Actividades encamiñadas á promoción de prácticas de responsabilidade social corporativa.

Sindicatos:

a) Actividades de apoio a través dos seus recursos e capacidades humanas e técnicas ás intervencións directas.

b) Actividades de apoio á organización sindical no mundo en desenvolvemento, potenciando a capacidade técnica e organizativa destas institucións e apoiando a súa participación no diálogo social nos seus respectivos países co obxectivo de contribuír a unha maior articulación e fortaleza da sociedade civil.

c) Actividades de promoción da organización da produción, a través da transferencia da experiencia dos sindicatos agrarios.

d) Actividades encamiñadas á promoción de prácticas de defensa de dereitos laborais.

Comunidades galegas no exterior:

a) Desenvolvemento de proxectos de economía social e fortalecemento do tecido productivo que favorezan o crecemento económico de base aproveitando o coñecemento do país, a implantación e a rede de relacións que as comunidades galegas creasen.

b) A promoción da igualdade de oportunidades e defensa dos grupos de poboación máis vulnerables, con especial incidencia na infancia, terceira idade, refuxiados, desprazados, inmigrantes, retornados, minorías étnicas e comunidades indíxenas.

5.3. Valoración dos proxectos.

5.3.1. Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nestas bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os seguintes criterios:

I. Aspectos relacionados coa entidade solicitante: ata 15 puntos.

Experiencia relevante en accións de cooperación para o desenvolvemento (no sector de actuación do proxecto e no país, zona, comunidade onde se vai executar) suficientemente descrita nas carpetas 1 e 3, para os obxectivos e características do proxecto. Máximo: 5 puntos.

Capacidade de execución do proxecto pola entidade (xestión de recursos humanos, técnicos e económicos para o desenvolvemento do proxecto). Máximo: 4 puntos.

Estratexia de cooperación da entidade (carpeta 1) para os vindeiros anos (dous como mínimo). Máximo: 3 puntos.

Achega financeira da entidade ao proxecto. Esta deberá ser dun mínimo do 5% para ser puntuada. Máximo: 2 puntos.

Contribución da entidade solicitante ao fomento do sector galego de cooperación. Máximo: 1 punto.

II. Aspectos relacionados co socio local: ata 15 puntos.

Experiencia de traballo en proxectos de cooperación ao desenvolvemento, na zona ou comunidade onde se vai executar o proxecto e no sector de actuación do proxecto descrita suficientemente na carpeta 2 e 3 para os obxectivos e características do proxecto. Máximo: 5 puntos.

Capacidade de execución do proxecto pola contraparte. Garantía de implicación da entidade na comunidade e da propia comunidade no proxecto median-

te a intervención da contraparte. Adecuación e coherencia no sector de traballo da entidade e o obxectivo do proxecto. Máximo: 6 puntos.

Achega financeira do socio local ao proxecto. Esta deberá de ser dun mínimo do 5% para ser puntuada. Máximo: 1 punto.

Participación no proxecto xunto a outras organizacións ou institucións locais. Máximo: 3 puntos.

III. Aspectos relacionados co contido do proxecto: ata 48 puntos.

Pertinencia do proxecto con especial concreción sobre o contexto social, económico, político e cultural dos beneficiarios/as, zona e país onde se vai desenvolver; antecedentes e xustificación deste. Máximo: 6 puntos.

Coherencia dos obxectivos e resultados coa problemática presentada. Máximo: 5 puntos.

Accións que se van desenvolver e prazo de execución. Coherencia na programación temporal. Máximo: 3 puntos.

Financiamento: coherencia das partidas orzamentarias cos obxectivos do proxecto. Máximo: 5 puntos.

Recursos humanos e técnicos suficientes para acadar os obxectivos do proxecto. Máximo: 3 puntos.

Poboación beneficiaria: descrición precisa dos destinatarios/as, criterios de determinación, grao de participación nas distintas fases do proxecto. Máximo: 5 puntos.

Viabilidade e sustentabilidade do proxecto. Máximo: 7 puntos.

Impacto de xénero. Máximo: 4 puntos.

Impacto ambiental. Máximo: 2 puntos.

Seguimento e avaliación previstos (internos e externos). Máximo: 4 puntos.

Difusión do proxecto en Galicia. Máximo: 1 punto.

Integración do proxecto en estratexias integrais de desenvolvemento de carácter público ou con outros axentes no terreo e garantía de transferencia a unha Administración pública do país beneficiario ou a unha contraparte local dos inmobles financiados con cargo ao proxecto. Máximo: 3 puntos.

IV. Coincidencia do proxecto coa estratexia da Cooperación Galega. Máximo: 11 puntos.

País prioritario para a Cooperación Galega. Máximo: 4 puntos.

Proxectos que, enmarcados nas prioridades sectoriais establecidas no artigo 8 da Lei galega de cooperación para o desenvolvemento se executen en Arxentina, Uruguai ou Venezuela. Máximo: 2 puntos.

País onde se desenvolva o proxecto que estea considerado como país menos adiantado (PMA). Máximo: 4 puntos.

Sector prioritario da Cooperación Galega e/ou coincidencias cos PAPs galegos. Máximo: 3 puntos.

V. Proxecto presentado por unha agrupación de entidades. Máximo: 11 puntos.

## CAPÍTULO II
## AXUDAS A ONGD PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

Artigo 6º.-*Obxecto*.

Este capítulo regula a concesión de subvencións a organizacións non-gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento para actividades formativas e de sensibilización en Galicia.

Artigo 7º.-*Requisitos que deben reunir as entidades beneficiarias e requisitos dos proxectos*.

1. Requisitos que deben reunir as entidades solicitantes (organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento):

a) Estar inscrita no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, creado polo Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o citado rexistro, con polo menos seis meses de antelación ao de publicación da convocatoria.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Ter domicilio social en Galicia ou contar con delegación permanente en Galicia. Neste último suposto, esta asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprométese ao mantemento da documentación, contabilidade e coxestión do proxecto na súa oficina de Galicia, entendendo por esta a participación polo menos na identificación, formulación, execución, seguimento e avaliación do proxecto.

d) Ter xustificado, se é o caso, e antes da data de presentación da solicitude para esta convocatoria, as axudas recibidas para a anualidade 2006, por parte da Xunta de Galicia a outros proxectos en materia de sensibilización e de cooperación ao desenvolvemento subvencionados anteriormente. Así mesmo, é necesario que se efectuase o correspondente ingreso, nos casos en que, sobre as entidades beneficiarias de axudas económicas, recaese resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.

e) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tamén poderán acceder ás subvencións os proxectos presentados por unha ONGD agrupada con calquera das entidades definidas como axentes de cooperación segundo o artigo 23º.1, letras b), c), d), e), f), g) da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, que cumprindo os requisitos anteriores se presenten agrupadas. Os axentes de cooperación que pola súa natureza xurídica posúan ánimo de lucro achegarán documento de compromiso de

non obter ningún beneficio da operación, segundo o artigo 23.b) da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. O dito documento estará asinado polo representante legal da entidade e levará a obriga de encargar pola súa conta unha auditoría contable, que deberá ser efectuada por un profesional independente inscrito no rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC), do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, e onde se detallarán os gastos directos da intervención e a súa plena correspondencia co obxecto da axuda outorgada. En ningún caso poderán imputarse á operación gastos indirectos ou de xestión.

Tanto na solicitude como na resolución de concesión, deberán facerse constar os compromisos de execución asumidos por cada entidade membro da agrupación, así como o importe da subvención que executar a cada unha delas.

As entidades agrupadas asumen a responsabilidade solidaria do proxecto e designarán un responsable con poder bastante para cumprir as obrigas que como beneficiaria lle corresponderían á agrupación de entidades, e que necesariamente pertencerá á ONGD solicitante. Así mesmo, designarán un enderezo único para os efectos de notificacións administrativas dos expedientes. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos.

A ONGD solicitante poderá presentar un máximo de dous proxectos, que poderán ser tres no suposto de presentar este último en agrupación con outras entidades.

2. Requisitos dos proxectos.

a) Non estar iniciada a execución do proxecto antes do 2 de xaneiro de 2008. Nos supostos en que o proxecto teña carácter anual, estes deberán executarse antes do 30 de novembro do ano de concesión da subvención. No caso de proxectos con carácter plurianual, estes deberán executarse antes do 30 de xuño do ano seguinte ao de concesión da subvención, e deberá executarse polo menos o 60% da contía total do proxecto no ano 2008.

b) Que se leven a cabo no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que non vaian dirixidas exclusivamente aos membros da propia organización.

Artigo 8º.-*Solicitude.*

8.1. A solicitude de subvención presentarase de acordo co modelo que figura como anexo II destas bases reguladoras.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na páxina web http://www.cooperaciongalega.org.

8.2. A citada solicitude irá acompañada da documentación que se recolle a continuación e do proxecto, que se presentará no modelo oficial do documento de formulación do proxecto. A documentación e o documento de formulación serán presentados por duplicado (orixinal e fotocopia). O documento de formulación do proxecto tamén se entregará en formato CD:

* Carpeta 1: información relativa á ONGD solicitante:

a) Certificación da secretaría da entidade en Galicia acreditativa da vixencia dos datos depositados no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento, en relación á documentación que se recolle a continuación, con indicación do nº de inscrición no dito rexistro. Esta certificación fará referencia a:

-Representación da persoa responsable legal da entidade (para aquelas entidades con domicilio social en Galicia) e copia compulsada do seu DNI. En defecto da certificación do secretario, presentarase poder bastante sobre a representación para que o seu responsable ou delegado en Galicia actúe en nome da entidade.

-Que dispón de sede central ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Composición do órgano de goberno da dirección da entidade (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe aos postos de representante legal e secretario/a).

-CIF da entidade.

No caso de que calquera documento dos recollidos nesta letra a) carecese de vixencia no Rexistro de Axentes de Cooperación, farase indicación expresa sobre el e achegarase debidamente compulsado o dito documento, co obxecto de ser incorporado de oficio ao rexistro.

Cando a persoa que formule a solicitude non sexa ningunha daquelas das que se dispón de datos no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento, deberase achegar xunto coa certificación anterior copia compulsada do seu DNI e certificación do secretario/a da entidade, acreditativa da vinculación que a une coa entidade solicitante.

b) Memoria da organización en que se inclúan as accións da entidade nos últimos dous anos. Farase especial mención dos proxectos de sensibilización e actividades formativas realizados, así como dos proxectos levados a cabo no ano anterior financiados por entidades galegas, públicas ou privadas.

c) Plan/estratexia de cooperación da organización para os seguintes anos (dous como mínimo) en que se enmarca o proxecto presentado.

No caso de que a entidade presentase a documentación incluída nas letras a), b) ou c) ou parte dela a outra convocatoria de axudas das convocadas pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con achegar unha declaración que especificando a documentación xa presentada, así como o número de expediente en

que se atopa incorporada, anexando a documentación que falte.

d) Declaración responsable do representante legal da entidade en que conste que a entidade solicitante non está incursa en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo modelo que figura como anexo IV.

e) Declaración responsable do representante legal da entidade en que se precisen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

f) Certificación da secretaría da entidade en Galicia con referencia ao balance de contas da entidade (ingresos de carácter público e privado e gastos) da última liquidación do orzamento rendida e aprobada polo órgano competente da entidade en que figuren, expresamente, o número de socios/as en Galicia.

g) Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar á solicitude o contrato ou acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais polo que se obrigan solidariamente ante a Xunta de Galicia polas posibles responsabilidades derivadas da execución do proxecto e, se é o caso, ao reintegro total ou parcial das subvencións nos supostos de falsidade ou ocultación de datos ou incumprimento pleno ou parcial dos fins para os que se lle concedeu a subvención. Neste documento designarán un representante legal, que necesariamente pertencerá á ONGD solicitante, e un enderezo único para os efectos de notificacións. Así mesmo, deberá detallar as actuacións en que colaboran conxuntamente e o grao de participación de cada unha delas no que se refire ao financiamento, ás actividades que se van desenvolver e á distribución da subvención prevista, de ser o caso.

* Carpeta 2: información sobre o proxecto de sensibilización social e/ou formativo.

A información sobre o proxecto presentarase no formulario normalizado para o efecto, que poderá descargarse da páxina web da cooperación galega, http://www.cooperaciongalega.org.

Calquera problema, dúbida ou aclaración poderá formularse directamente á DXCE ou a través do enderezo electrónico cooperacion.exterior@xunta.es.

8.3. A falta de documentación relativa ás carpetas 1 e 2 e de información nalgunha das carpetas impedirán a avaliación do proxecto, se non se procedese á súa emenda dentro do prazo establecido no artigo 17 desta resolución. Quedarán excluídos da posibilidade de emenda aqueles documentos que impliquen unha elaboración propia por parte da entidade solicitante, isto é, aqueles previstos nas letras b) e c) da carpeta 1 e o documento de proxecto (carpeta 2).

Así mesmo, a manipulación do documento de formulación normalizado ou o emprego dun documento que non sexa o adaptado a esta convocatoria conducirá á exclusión e non-avaliación do proxecto.

Artigo 9º.-*Condicións de financiamento.*

A Xunta de Galicia poderá financiar ata un 90% do orzamento total do proxecto, non superando en ningún caso a subvención concedida os 25.000 euros.

Nos proxectos presentados por varias entidades, a Xunta de Galicia poderá financiar ata un 95% do orzamento total do proxecto, non superando en ningún caso a cantidade concedida os 50.000 euros.

Artigo 10º.-*Gastos subvencionables, criterios de valoración e valoración das solicitudes.*

10.1 Gastos subvencionables:

a) Gastos de locais (non inclúe aqueles correspondentes á sede da propia organización) para impartir a formación ou calquera outra actividade xustificada dentro do proxecto.

b) Axudas de custo e gastos de desprazamento do profesorado e, cando resulte imprescindible, as remuneracións a conferenciantes, monitores ou profesores.

c) Gastos de publicidade da convocatoria da actividade.

d) Gastos propios da actividade formativa ou de sensibilización (non se inclúen os de adquisición de bens inventariables).

e) Gastos de persoal ao servizo do proxecto, debidamente motivados. Queda excluído o persoal propio da entidade.

A contía máxima que se pode imputar a este concepto non superará o 25% do orzamento total do proxecto, non sendo nunca superior a 8.000 euros.

f) Outros gastos que figuren no orzamento da entidade solicitante asociados á administración, xestión, supervisión, difusión e sensibilización social da acción, non podendo exceder estes do 10% do importe total da subvención solicitada á Xunta de Galicia. Estes gastos imputaranse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptadas e, en todo caso, na medida en que tales gastos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

10.2. Criterios de valoración.

Os criterios de valoración ordenaranse de acordo coas seguintes prioridades:

1. Que potencien as seguintes accións:

a) Coñecemento das causas que xeran a pobreza e das posibilidades reais de superación destas e/ou da realidade dos países máis desfavorecidos.

b) Difusión do contido daqueles proxectos de cooperación executados que estean en execución na actualidade ou que fosen executados nos últimos tres anos con axudas da Xunta de Galicia.

c) Fomento na sociedade galega, especialmente entre os mozos/as, dos valores da solidariedade e da cooperación ao desenvolvemento e proxectos que se vaian realizar en centros escolares.

d) Fomento da formación e capacitación de voluntarios e profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, externos á organización, para o traballo especializado no ámbito da solidariedade e da cooperación ao desenvolvemento.

e) Accións que permitan a participación activa dos cidadáns ou colectivos destinatarios.

f) Accións destinadas á difusión dos obxectivos de desenvolvemento do milenio e que divulguen a situación nos países en vías de desenvolvemento dos sectores máis vulnerables da poboación, en particular, infancia e xuventude, mulleres, comunidades indíxenas, refuxiados e desprazados.

g) Accións que promovan o comercio xusto e o consumo responsable.

2. Outras prioridades:

-Que sexan presentados por unha agrupación de entidades. Para os efectos desta convocatoria enténdese por agrupación de entidades aqueles asinados entre dúas ou máis ONGD, e os asinados entre unha ou máis ONGD cunha ou máis entidades galegas recoñecidas como axente galego de cooperación exterior (artigo 23.1º b), c), d), e), f), g) da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento). Será requisito indispensable para o seu recoñecemento que a entidade que asuma o liderado desta agrupación sexa a ONGD solicitante.

-Que o eido de incidencia e/ou execución inclúa concellos de menos de 50.000 habitantes e/ou concellos situados no medio rural.

-Implicación garantida no proxecto de asociacións ou grupos de acción social dos concellos e/ou parroquias en que teñan lugar as actividades.

-Proxectos que teñan unha elevada porcentaxe de financiamento da entidade solicitante ou doutras entidades.

-Proxectos cuxo soporte e difusión estean baseados na utilización de novas tecnoloxías.

Proxectos integrados en campañas globais de sensibilización ou incidencia social.

10.3. Valoración das solicitudes.

10.3.1. As actividades que cumpran os requisitos sinalados nestas bases reguladoras serán avaliadas tendo en conta os seguintes criterios:

I. Aspectos relacionados coa entidade solicitante: 20 puntos.

I.1. Experiencia, traxectoria e capacidade de difusión e impacto da entidade en accións de sensibilización social e formación para o desenvolvemento (subvencionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, ou por calquera outro financiador), suficientemente descrita nas carpetas 1 e 2, para os obxectivos e características do proxecto. Máximo: 6 puntos.

I.2. Capacidade de execución do proxecto pola entidade (xestión e recursos humanos, técnicos e económicos de que dispón a entidade) para o desenvolvemento do proxecto. Máximo: 6 puntos.

I.3. Estratexia concreta de formación e sensibilización da entidade para os vindeiros anos (dous como mínimo). Máximo: 3 puntos.

I.4. Achega financeira da ONGD ao proxecto ou doutras entidades. Esta deberá de ser dun mínimo do 10% para ser puntuada. Máximo 3 puntos.

I.5. Contribución da ONGD solicitante ao fomento do sector galego de cooperación. Máximo: 2 puntos.

II. Aspectos relacionados co proxecto: ata 68 puntos.

II.1. Pertinencia do proxecto con especial atención ao contexto social, económico, político e cultural, en función dos lugar/es de realización e o público obxectivo. Máximo: 5 puntos.

II.2. Coherencia dos obxectivos e resultados formulados coa temática sobre a que se pretende sensibilizar ou formar. Máximo: 5 puntos.

II.3. Accións que se van desenvolver e prazo de execución. Coherencia na programación temporal. Máximo: 3 puntos

II.4. Contido da acción segundo os criterios seguintes. Máximo: 12 puntos.

a) Loita contra as causas da pobreza a partir do coñecemento da realidade dos países máis desfavorecidos. Máximo: 3,5 puntos.

b) Fomento da formación e capacitación de voluntarios e profesionais galegos en materia de cooperación ao desenvolvemento. Máximo: 1,5 puntos.

c) Accións destinadas á difusión dos obxectivos de desenvolvemento do milenio e aquelas que difundan a situación nos países máis desfavorecidos dos sectores máis vulnerables da poboación, en particular, infancia e xuventude, mulleres, comunidades indíxenas, refuxiados e desprazados, así como accións que promovan e difundan os valores ambientais, a súa conservación e mellora. Máximo: 2 puntos.

d) Accións que promovan o comercio xusto e o consumo responsable. Máximo: 3 puntos.

e) Integración en campañas globais de sensibilización. Máximo: 2 puntos.

II.5. Incidencia prevista das actividades: descrición precisa dos destinatarios/as, número de persoas ás cales se dirixe e a súa pertenza aos colectivos prioritarios (nenos/as, mozos/as, profesorado de todos os niveis educativos e/ou monitores de tempo libre para mozos/as). Máximo: 6 puntos.

II.6. Ámbito de incidencia e/ou execución en concellos de menos de 50.000 habitantes e/ou concellos situados no medio rural, número de concellos en que se realizan actividades. Máximo: 4 puntos

II.7. Financiamento: coherencia das partidas orzamentarias cos obxectivos do proxecto. Máximo: 5 puntos.

II.8. Recursos humanos e técnicos adaptados ás necesidades para executar e acadar os obxectivos do proxecto. Máximo: 3 puntos.

II.9. Grao de ambición dos resultados agardados e garantía a priori para asegurar a eficiencia do proxecto. Máximo: 7 puntos.

II.10. Seguimento e avaliación previstos (internos e externos). Máximo: 4 puntos.

II.11. Integración do proxecto en estratexias integrais públicas de educación (por exemplo educación para a cidadanía) ou sensibilización e/ou con outras ONGD. Colaboración con asociacións e/ou grupos de acción social dos concellos e/ou parroquias enque teñan lugar as actividades. Máximo: 5 puntos.

II.12. Difusión do proxecto, proxectos cuxo soporte e difusión estean baseados na utilización de novas tecnoloxías, campañas innovadoras. Máximo: 5 puntos.

II.13. Accións que contemplen a difusión de proxectos de cooperación executados con axudas da Xunta de Galicia. Máximo: 4 puntos.

III. Presentación do proxecto nunha agrupación de entidades. Máximo: 12 puntos.

## CAPÍTULO III
## AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E O FORTALECEMENTO DE ONGD

Artigo 11º.-*Obxecto.*

Este capítulo regula a concesión de subvencións para a consolidación e fortalecemento de organizacións non-gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento, con domicilio social ou sede permanente en Galicia. O fin último da convocatoria, é completar en Galicia o máximo de fases posibles do ciclo da cooperación (identificación, formulación, xestión, avaliación e promoción de actividades propias) coa máxima garantía de eficiencia e calidade.

Artigo 12º.-*Requisitos dos beneficiarios e dos proxectos.*

12.1. As entidades solicitantes (organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento) deben reunir os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, creado polo Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o citado rexistro, con polo menos seis meses de antelación á publicación da convocatoria.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Ter domicilio social ou delegación permanente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste último suposto, será a delegación en Galicia quen asuma a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ao mantemento da documentación, contabilidade e co xestión do proxecto na súa oficina de Galicia, entendendo por esta a participación, polo menos, na identificación, formulación, seguimento e avaliación do proxecto. Ademais, o propio proxecto, as súas actividades e beneficios redundarán única e exclusivamente na delegación galega.

d) Ter xustificado, se é o caso, e antes da data de presentación da solicitude para esta convocatoria as axudas recibidas para a anualidade 2006, por parte da Xunta de Galicia a outros proxectos en materia de consolidación e fortalecemento, así como de cooperación ao desenvolvemento subvencionados anteriormente. Así mesmo, é necesario que se efectuase o correspondente ingreso, nos casos en que, sobre os beneficiarios de axudas económicas, recaese resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.

e) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Non ter recibido en máis de cinco ocasións axudas con cargo a esta convocatoria.

Tamén poderán acceder ás subvencións os proxectos presentados por varias ONGD que, cumprindo os requisitos anteriores, se presenten agrupadas. As entidades agrupadas asumen a responsabilidade solidaria do proxecto e designarán un responsable, con poder bastante para cumprir as obrigas que como beneficiaria lle corresponderían á agrupación de entidades e que necesariamente pertencerá á ONGD solicitante. Así mesmo, designarán un enderezo único para efectos de notificacións administrativas dos expedientes.

Todos os membros da agrupación de entidades deben contribuír significativamente cos recursos financeiros e/ou outros, así como desempeñar un papel activo na acción. Cada unha das entidades agrupadas deberá cumprir os requisitos sinalados anteriormente.

Tanto na solicitude como na resolución de concesión deberá facerse constar os compromisos de execución asumidos por cada entidade membro da agrupación, así como o importe da subvención que executará cada unha delas. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos.

A ONGD solicitante poderá presentar un máximo dun proxecto, que poderán ser dous no suposto de presentar este último en agrupación con outras entidades.

12.2. Requisitos dos proxectos:

a) Non estar iniciada a execución do proxecto antes do 2 de xaneiro de 2008. Nos supostos en que o proxecto teña carácter anual, estes deberán executarse antes do 30 de novembro do ano de concesión da subvención. No caso de proxectos con carácter plurianual, estes deberán executarse antes do 30 de xuño do ano seguinte ao de concesión da subvención, debendo executarse polo menos o 60% da contía total do proxecto no ano 2008.

b) Que se leven a cabo no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 13º.-*Solicitude*.

13.1. A solicitude de subvención presentarase de acordo co modelo que figura como anexo III destas bases reguladoras.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na web http://www.cooperaciongalega.org.

13.2. A citada solicitude irá acompañada da documentación que se recolle a continuación e do proxecto, que se presentará no modelo oficial de documento de formulación de presentación do proxecto. A documentación e o documento de formulación serán presentados por duplicado (orixinal e fotocopia). O documento de formulación do proxecto tamén se entregará en formato CD:

* Carpeta 1: información relativa á/ás entidade/es solicitante/es:

a) Certificación da secretaría da entidade en Galicia acreditativa da vixencia dos datos depositados no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento, en relación á documentación que se recolle a continuación, con indicación do número de inscrición neste rexistro. Esta certificación fará referencia a:

-Representación da persoa responsable legal da entidade (para aquelas entidades con domicilio social en Galicia) e copia compulsada do seu DNI. En defecto da certificación do secretario/a, presentarase poder bastante sobre a representación para que o seu responsable ou delegado en Galicia actúe no nome da entidade.

-Que dispón de sede central ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Composición do órgano de goberno da dirección da entidade, a nivel estatal e en Galicia, se procede (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe aos postos de representante legal e secretario/a).

-CIF da entidade.

No caso de que calquera documento dos recollidos nesta alínea a) carecese de vixencia no Rexistro de Axentes de Cooperación, farase indicación expresa sobre este e achegarase debidamente compulsado este documento, co obxecto de ser incorporado de oficio ao rexistro.

Cando a persoa que formule a solicitude non sexa ningunha daquelas das cales se dispón de datos no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento, deberase achegar xunto coa certificación anterior copia compulsada do seu DNI e certificación do Secretario da entidade, acreditativa da vinculación que a une coa entidade solicitante.

b) Memoria da organización en que se inclúan as accións da entidade nos últimos dous anos. Farase especial mención dos proxectos levados a cabo no ano anterior financiados por entidades galegas, públicas ou privadas.

c) Plan/estratexia da organización en todos os seus ámbitos de actuación, adaptado á realidade galega, para os seguintes anos (dous como mínimo) en que se enmarca o proxecto presentado, así como a previsión de gastos, ingresos, socios, persoal contratado e voluntario. Se o obxecto da solicitude é a elaboración deste plan, xuntarase o orzamento ou proxecto da consultora ou entidade implicada.

No caso de que a entidade presentase a documentación incluída nas letras a), b) ou c) ou parte dela a outra convocatoria de axudas das convocadas pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con achegar unha declaración que especifique a documentación xa presentada, así como o número de expediente no que se atopa incorporada, anexando a documentación que falte.

d) Declaración responsable do representante legal da entidade en que conste que a entidade solicitante non está incursa en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o modelo que figura como anexo IV.

e) Declaración doutras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

f) Certificación do secretario da entidade ou do delegado en Galicia con referencia ao balance de contas da entidade (ingresos de carácter público e privado e gastos) da última liquidación do orzamento rendida e aprobada polo órgano competente da entidade en que figuren, expresamente, o número de socios/as en Galicia.

g) Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar á solicitude o contrato ou acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais polo que se obrigan solidariamente ante a Xunta de Galicia polas posibles responsabilidades derivadas da execución do proxecto e, de ser o caso, ao reintegro total ou parcial das subvencións nos supostos de falsidade ou ocultación de datos ou incumprimento pleno ou parcial dos fins para os que se lle concedeu a subvención. Neste documento designarán un representante legal, que necesariamente pertencerá á ONGD solicitante, e un enderezo único para efectos de notificacións. Así mesmo, deberá detallar as actuacións en que colaboran conxuntamente e o grao de participación de cada unha delas no que se refire ao financiamento, ás actividades que se van desenvolver e á distribución da subvención prevista, de ser o caso.

h) No seu caso, escritura de compravenda ou de doazón ou contrato de aluguer do local social que vaia

ser empregado como sede da agrupación de entidades ou, de ser o caso, acordo, certificación ou documento que acredite a cesión ou posta á disposición do local a nome da ONGD solicitante.

i) No seu caso, facturas de gastos fixos correspondentes ao último ano. Non se inclúen os gastos variables como electricidade, auga, teléfono e outros de semellante natureza.

j) No seu caso, documentos acreditativos da relación ou vinculación existente entre a entidade e o persoal ao servizo desta (contratos laborais, declaración responsable, etc.).

* Carpeta 2: Información relativa ao proxecto de consolidación/fortalecemento:

A información sobre o proxecto presentarase no documento de formulación normalizado para efecto, que poderá descargarse da páxina web da Cooperación Galega, http://www.cooperaciongalega.org.

Calquera problema, dúbida ou aclaración poderá formularse á DXCE a través do enderezo electrónico: cooperacion.exterior@xunta.es.

13.3. A falta de documentación relativa ás carpetas 1 e 2 e de información nalgunha das carpetas impedirán a avaliación do proxecto, se non se procedese á súa emenda dentro do prazo establecido no artigo 17 desta resolución. Quedarán excluídos da posibilidade de emenda aqueles documentos que impliquen unha elaboración propia por parte da entidade solicitante, isto é, aqueles previstos nas letras b) e c) da carpeta 1 e o documento de proxecto (carpeta 2).

Así mesmo, a manipulación do documento de formulación normalizado ou o emprego dun documento que non sexa o adaptado esta convocatoria conducirá á exclusión e non avaliación do proxecto.

Artigo 14º.-*Condicións de financiamento*.

A Xunta de Galicia poderá financiar ata un 90% do orzamento total do proxecto, non superando en ningún caso a subvención concedida os 25.000 euros, para as entidades con enderezo social en Galicia, e 18.000 euros para aquelas con delegación permanente en Galicia.

Nos proxectos presentados por varias entidades agrupadas, a cantidade concedida non superará o límite de 40.000 euros.

Artigo 15º.-*Gastos subvencionables, criterios de valoración e valoración das solicitudes*.

15.1. Gastos subvencionables:

15.1.1. No caso de proxectos presentados por unha ONGD:

a) Para todas as entidades:

-Formación técnica de persoal, de socios/as e de voluntarios/as, a través da realización de seminarios, talleres internos, incluíndo o material didáctico consumible e os honorarios e axudas de custo do profesorado.

Primarase a formación que verse sobre: mellora da xestión da ONGD, aspectos técnicos das diferentes fases dun proxecto de desenvolvemento ou de sensibilización e técnicas de comunicación externa ou de relación con medios de comunicación.

O persoal contratado para os efectos de impartir formación non poderá ter vinculación ningunha coa entidade contratante ou coas entidades membros da agrupación de entidades, de ser o caso.

-Gastos derivados da contratación de persoal encargado do deseño e da realización de campañas e actividades de sensibilización, educación para o desenvolvemento, comercio xusto, consumo responsable ou incidencia social. A ditas actividades estarán adaptadas á entidade en Galicia e á realidade galega, e poderán incluír a elaboración ou adaptación de páxinas web ao galego, sen menoscabo de versións totais ou parciais en castelán ou noutras linguas.

Valorarase especialmente que a estratexia prevexa a realización de campañas no eido rural.

Nestes dous casos, a inclusión de gastos derivados da contratación de persoal deberá estar xustificada pola necesidade da estratexia da entidade en Galicia e do proxecto en cuestión. Os gastos de contratación, que incluirán salario base e seguridade social, non superarán en ningún caso o 70% da subvención total solicitada.

b) Só para aquelas entidades con enderezo social en Galicia:

-Fortalecemento das áreas de: cooperación, tanto na planificación integral desta como na mellora das distintas fases de identificación, formulación, xestión ou avaliación; comunicación, especialmente no que se refire á elaboración e implantación de plans de comunicación, así como á relación cos medios de comunicación e a prensa e o comercio xusto.

-Nestes tres casos, poderanse incluír gastos de contratación de persoal sempre e cando se xustifique a súa presenza por necesidade da estratexia da entidade e do proxecto en cuestión. Os gastos de contratación, que incluirán salario base e seguridade social, non superarán en ningún caso o 70% da subvención total solicitada.

-Deseño ou contratación externa de campañas de captación de socios e voluntarios (as campañas deberán respectar os códigos de conduta e de imaxes propios do sector, avalados polas súas organizacións máis representativas, Coordinadora Galega de ONGD e Coordinadora de ONGD-España).

-Estudos de viabilidade, fortalecemento da organización, mellora de calidade e outros de natureza análoga, ou realización de plans estratéxicos.

15.1.2. No caso de proxectos presentados por unha agrupación de entidades, ademais das anteriores, poderanse subvencionar as seguintes actividades:

-Aluguer de locais na Comunidade Autónoma de Galicia, que vaian ser utilizados como sede da agrupación de entidades.

-Contratación de persoal técnico para a dinamización da agrupación de entidades e as ONGD integrantes deste, ata un máximo do 50% da subvención total solicitada.

-Material de oficina (ata un máximo do 5% do orzamento total do proxecto).

En ningún caso se subvencionarán gastos de capital como adquisición de equipos ou materiais non-funxibles.

15.2. Criterios de valoración

15.2.1. Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nestas bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os seguintes criterios:

I. Aspectos relacionados coa traxectoria da entidade solicitante: 30 puntos.

Experiencia e traxectoria da/s entidade/s en Galicia, en proxectos de cooperación ao desenvolvemento e/ou actividades de formación para o desenvolvemento e de sensibilización social suficientemente descritas na solicitude. Máximo: 6 puntos.

Capacidade de xestión de recursos humanos, técnicos e económicos de que dispoñen a/s entidade/s para o desenvolvemento de actuacións en Galicia. Máximo: 6 puntos.

Achega financeira da ONGD ou entidades participantes no proxecto. Máximo: 3 puntos.

Grao de eficacia, impacto social e eficiencia das iniciativas ou proxectos tanto de fortalecemento, consolidación ou mellora da entidade solicitante como nas súas áreas de traballo: cooperación, formación, sensibilización, comunicación, etc., especialmente os financiados pola Xunta de Galicia. Máximo: 5 puntos.

Contribución da ONGD solicitante ao fomento do sector galego de cooperación. Máximo: 4 puntos.

Estratexia de implantación de cara á consolidación da ONGD en Galicia e ao seu fortalecemento como entidade. Previsións e compromisos demostrables de crecemento. Máximo: 6 puntos.

II. Aspectos relacionados co contido do proxecto: ata 45 puntos.

Contexto: antecedentes e xustificación do proxecto descritos suficientemente na solicitude, en función dos obxectivos e características deste. Máximo: 7 puntos.

Incidencia prevista das actividades, en relación a un maior fortalecemento e consolidación da ONGD, así como compromiso de consecución dos obxectivos formulados e obxectividade das fontes de verificación destes. Máximo: 7 puntos.

Financiamento: coherencia das partidas orzamentarias cos obxectivos do proxecto. Máximo: 4 puntos.

Selección da estratexia da ONGD para a súa consolidación e fortalecemento. Máximo: 7 puntos.

Motivación da necesidade de contratación de persoal especializado, fixación de tarefas e compromisos de traballo. Máximo: 6 puntos.

Grao de aplicación da estratexia ou proxecto da entidade no eido rural galego Máximo: 6 puntos.

Proxectos que promovan o intercambio de experiencias e o transvase de coñecementos entre ONGD, outros axentes da cooperación galega ou outras entidades sociais galegas. Máximo: 4 puntos.

Proxectos que promovan o fortalecemento das áreas de comercio xusto, o consumo responsable, a educación para o desenvolvemento ou a incidencia social. Máximo: 4 puntos.

III. Presentación do proxecto por unha agrupación de entidades: ata 25 puntos.

## CAPÍTULO IV
## DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 16.-*Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

As solicitudes dirixiranse ao secretario xeral de Relacións Exteriores (rúa Feáns, 5 - baixo, 15706 Santiago de Compostela), cubertas nos modelos que figuran como anexos destas bases reguladoras, por calquera medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

As solicitudes poderán presentarse no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 17º.-*Instrución.*

A instrución do procedemento corresponderalle á Subdirección Xeral de Cooperación Exterior. Unha vez recibidas e examinadas as solicitudes, se estas non reúnen os requisitos sinalados ou carecen de documentación, requiriranse os interesados para que, nun prazo de dez días, corrixan a falta ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixesen, desistirán da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 18º.-*Valoración e prazo de resolución.*

18.1. Valoración das solicitudes.

18.1.1. Para a valoración dos proxectos constituirase una comisión avaliadora, que adaptará o seu funcionamento ao previsto nesta convocatoria e, supletoriamente, aos preceptos contidos no capítulo II, título II, artigos 22 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A comisión compoñerana os seguintes membros:

Presidenta: a directora xeral de Cooperación Exterior.

Secretario/a: un funcionario/a da Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

Vogais: dous funcionarios/as da Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

A comisión, para unha mellor valoración dos proxectos e con anterioridade a ditarse a proposta de resolución, poderá solicitar os informes técnicos que se consideren oportunos. Os ditos informes, que en ningún caso serán vinculantes, de encargarse, terán que ser realizados por expertos independentes non vinculados a ningún dos axentes de cooperación.

18.1.2. Para superar a fase de valoración dos proxectos de cooperación no exterior será necesario acadar unha puntuación do 50% nos epígrafes I, II e III. Cando se trate dun proxecto presentado por unha agrupación de entidades, esta porcentaxe afectará tamén a epígrafe V.

Nos proxectos de sensibilización e fortalecemento, será necesario acadar unha puntuación do 50% en cada un dos dous primeiros epígrafes sinalados para superar a fase de valoración. Cando se trate dun proxecto presentado por unha agrupación de entidades, esta porcentaxe afectará as tres epígrafes.

Unha vez superada a fase de avaliación, establecerase unha listaxe coas puntuacións obtidas en orde descendente para cada un dos proxectos presentados. No caso dunha agrupación de entidades sumarase á puntuación acadada na epígrafe do proxecto a puntuación da epígrafe agrupación de entidades. Serán financiados por orde de puntuación todos aqueles proxectos que sexa posible dentro da contía total asignada a esta convocatoria.

No tocante aos proxectos de cooperación no exterior, estableceranse dúas listaxes independentes, unha para as ONGD e outra para os outros axentes.

No caso de proxectos que acaden unha subvención por un importe inferior á contía solicitada, esta circunstancia deberá motivarse.

18.1.3. No suposto de que non se esgotasen os recursos financeiros asignados a esta convocatoria, a Xunta de Galicia empregará os ditos recursos para financiar outras actuacións de cooperación para o desenvolvemento a través dos outros medios previstos no I Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009 e de conformidade co establecido na Lei de réxime orzamentario de Galicia e nas leis anuais de orzamentos.

18.2. Prazo de resolución.

O prazo de resolución e notificación será de tres meses como máximo, contados desde o día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. De non notificarse resolución expresa neste prazo, as solicitudes teranse por desestimadas.

Artigo 19º.-*Resolución.*

Á vista da proposta de resolución do instructor, debidamente motivada, o secretario xeral de Relacións Exteriores resolverá, de acordo co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 6 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Artigo 20º.-*Compatibilidade de subvencións.*

As axudas aquí reguladas serán compatibles con calquera outra procedente doutras administracións públicas, organizacións internacionais, entidades privadas non lucrativas ou doazóns de particulares, sempre e cando a suma de todas as obtidas non supere o custo do proxecto subvencionado.

A entidade beneficiaria obrígase a comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a súa concesión. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Artigo 21º.-*Publicidade da concesión das subvencións.*

Unha vez ultimada a concesión de axudas, publicarase a relación das concedidas con indicación de beneficiario, contía, país de execución do proxecto e finalidade, no *Diario Oficial de Galicia* e na web oficial da Cooperación Galega, de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, de conformidade co artigo 3.2º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publicarase a relación das concedidas con indicación de entidade beneficiaria, contía, país de execución do proxecto e finalidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios.

Artigo 22º.-*Aceptación da subvención e compromiso de financiamento.*

Unha vez notificada a concesión da axuda, a entidade beneficiaria presentará, nun prazo máximo de 15 días naturais, declaración por escrito da aceptación da axuda en que conste o seu compromiso de achegar directamente ou cubrir con outras achegas a diferenza entre o custo total do proxecto e a contía da subvención finalmente concedida. Igualmente deberán confirmar, se é o caso, que as subvencións solicitadas a outras institucións xa foron concedidas ou ben que se compromete a financiar as cantidades adicionais que correspondan. De non ser así, a entidade beneficiaria poderá, dentro do mesmo prazo, renunciar á axuda ou, sempre que tecnicamente sexa posible e sen que se altere a finalidade nin o orzamento total do proxecto aprobado, presentar unha readaptación á subvención concedida, que será sometida a unha nova análise. Coa non-presentación no dito prazo de

comunicación ningunha, entenderase que a entidade beneficiaria renuncia á subvención aprobada, e procederase ao seu arquivo. No caso de readaptación do proxecto o secretario xeral de Relacións Exteriores ditará nova resolución, que lle será notificada á entidade no prazo dun mes.

De se produciren renuncias ás subvencións ou revogacións das axudas, os seus importes poderán destinarse a incrementar a axuda inicialmente concedida a outros proxectos ou ben a subvencionar os que, reunindo os requisitos destas bases reguladoras, e inicialmente non subvencionados, fosen mellor valorados.

Artigo 23º.-*Anticipos e pagamentos.*

1. Con base na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en atención á coherencia co obxecto e finalidade das subvencións, realizaranse pagamentos anticipados do 100% da anualidade de que se trate, e será obrigatorio presentar un informe de seguimento cando remate a anualidade, ademais do informe final.

Para o informe de seguimento e final utilizarase o formato definido pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia, que se poderá atopar na páxina web http://www.cooperaciongalega.org.

2. Proxectos en que o período de execución sexa o exercicio corrente (ano 2008):

O pagamento da subvención concedida efectuarase nun só pagamento anticipado e non se exixirá garantía, con base no establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para o pagamento da subvención, as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude de libramento do pagamento anticipado da subvención concedida.

b) Declaración responsable complementaria e actualizada doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o proxecto subvencionado.

c) No suposto dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior, compromiso específico de cesión dos bens mobles ou inmobles que resulten da execución do proxecto subvencionado aos beneficiarios/as ou socio local, de ser o caso.

d) No suposto dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior, certificación bancaria das contas da entidade beneficiaria e do socio local afectas á xestión do proxecto. Nestas contas asignadas ao proxecto terán o seu destino todos os pagamentos que se realicen con cargo ao cofinanciamento da consellería competente en materia de cooperación para o desenvolvemento. Os comprobantes destes ingresos e gastos estarán á disposición do centro directivo competente en materia de cooperación para o desenvolvemento.

3. Proxectos en que o período de execución comprenda dous exercicios económicos (anos 2008 e 2009):

Os pagamentos da subvención concedida efectuaranse en cada anualidade e nun só pagamento anticipado. O pagamento da segunda anualidade realizarase tras a xustificación da primeira anualidade, sen que, con base no establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se exixa garantía.

Anualidade 2008:

Para o pagamento da subvención concedida nesta anualidade, as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude de libramento do pagamento anticipado da contía concedida para esta anualidade.

b) Declaración responsable complementaria e actualizada doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o proxecto subvencionado.

c) No suposto dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior, compromiso específico de cesión dos bens mobles ou inmobles que resulten da execución do proxecto subvencionado aos beneficiarios/as ou socio local, de ser o caso.

d) No suposto dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior, certificación bancaria das contas da entidade beneficiaria e do socio local afectas á xestión do proxecto. Nestas contas asignadas ao proxecto terán o seu destino todos os pagamentos que se realicen con cargo ao cofinanciamento da consellería competente en materia de cooperación para o desenvolvemento. Os comprobantes destes ingresos e gastos estarán á disposición do centro directivo competente en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Anualidade 2009:

Para o pagamento da subvención concedida nesta anualidade e unha vez xustificada a anualidade 2008, de acordo coas previsións do artigo 24.2º destas bases reguladoras, as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude de libramento do pagamento anticipado da contía concedida para esta anualidade.

b) Informe de avance sobre o estado de execución do proxecto, asinado polo responsable da xestión técnico-económica do proxecto en Galicia.

4. Non obstante os beneficiarios/as deberán acreditar, con cada solicitude de pagamento, que se atopan ao día das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Facenda autonómica, agás as universidades e as comunidades galegas no exterior, de acordo co establecido nas letras b) e i) do artigo 31.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Conforme co establecido no artigo 20.3º da

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias autorizan o órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir as mencionadas institucións.

As organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento, beneficiarias dos proxectos subvencionados ao abeiro do capítulo II Axudas a ONGD para actividades formativas e de sensibilización e do capítulo III Axudas para a consolidación e o fortalecemento de ONGD desta resolución, quedan exentas de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Facenda autonómica, conforme co establecido no artigo 31.7º letra e), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 24º.-*Prazo e forma de xustificación das subvencións outorgadas.*

1. As subvencións concedidas para proxectos que teñan un período de execución comprendido no exercicio corrente deberán ser xustificadas, coa documentación que se sinala no punto terceiro deste artigo, no prazo máximo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización das actividades do proxecto subvencionado, conforme co establecido no artigo 28.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os proxectos con subvención plurianual xustificarán cada anualidade independentemente. Conforme co establecido no artigo 28.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a primeira anualidade dentro do primeiro trimestre do ano seguinte, coa documentación que se sinala no punto seguinte e a segunda anualidade, no prazo máximo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da totalidade das actividades, coa documentación que se sinala no punto terceiro deste artigo.

2. Nos proxectos en que o período de execución comprenda dous exercicios económicos (anos 2008 e 2009), a xustificación da primeira anualidade realizarase mediante a presentación dun informe de seguimento integrado polos seguintes documentos:

a) Certificación do representante en Galicia da entidade solicitante acreditativa da execución do proxecto de conformidade co previsto e da aplicación dos fondos ao fin destinado.

b) Informe sobre o estado de execución do proxecto e que deberá estar asinado polo responsable da xestión técnico-económica do proxecto en Galicia.

c) Certificación dos gastos do proxecto na primeira anualidade, por partidas orzamentarias e no cal se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinado polo representante en Galicia da entidade beneficiaria.

d) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data, número da factura ou do documento xustificativo, identificación do emisor destas e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu contravalor en euros.

3. Co fin de acreditar a realización total das actividades así como a finalidade para a que se concedeu a subvención, e tal e como se establece no artigo 23º desta resolución de convocatoria, a entidade beneficiaria deberá presentar un informe final que constará de dúas partes:

1ª parte. Xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida.

* Para os proxectos de sensibilización e fortalecemento de ONGD realizarase mediante a presentación de:

-Certificación dos gastos co importe total do proxecto, distribuído por partidas orzamentarias e no cal se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinado polo representante en Galicia da entidade beneficiaria.

-Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data, número da factura e do documento xustificativo do pagamento, identificación do emisor destas e descrición do gasto co importe en euros.

* Para os proxectos de cooperación no exterior a xustificación farase mediante a forma de conta xustificativa con informe de auditoría. A conta xustificativa virá acompañada ademais dun informe dun auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, dunha memoria económica abreviada. A revisión da conta xustificativa polo auditor de contas realizarase de conformidade coas normas de actuación e supervisión que, se é o caso, propoña o órgano que teña atribuídas as competencias de control financeiro de subvencións en Galicia.

Os auditores exercentes no país onde se levará a cabo a revisión consideraranse como tales, sempre que no dito país exista un réxime de habilitación para o exercicio da profesión e, de ser o caso, sexa preceptiva a obriga de someter a auditoría aos seus estados contables. De non existir un sistema de habilitación para o exercicio da profesión, a revisión prevista poderá realizarse por un auditor establecido nese país, sempre que a designación deste a leve a cabo a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, segundo uns criterios técnicos que garanten a axeitada calidade.

Esta documentación irá acompañada dunha certificación dos gastos polo importe total do proxecto distribuída por partidas orzamentarias e no que se indique nas distintas fontes de financiamento, asinado polo representante en Galicia da entidade beneficiaria.

No suposto de adquisición de bens inmobles, debe achegarse certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por exe-

cución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

No caso de proxectos con subvencións de capital superiores a 60.000 €, destinadas a investimentos en activos tanxibles, e conforme o artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a comprobación material substituirase por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

No caso dos proxectos presentados polas universidades e conforme o establecido no artigo 28.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación económica consistirá nunha certificación de gastos da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

Ás axencias ou organismos internacionais das Nacións Unidas exixiráselles como xustificación os documentos acreditativos das transferencias realizadas, así como o control contable que lles é específico e sempre conforme o funcionamento establecido polos Estados parte para as distintas axencias das Nacións Unidas.

2ª parte. Xustificación técnica, que incluirá:

-Certificación do representante en Galicia da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ao fin destinado.

-Memoria de execución sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinada polo responsable da xestión técnico-económica do proxecto en Galicia.

-Avaliación externa obrigatoria ao final da intervención e requirida polas bases desta convocatoria no caso dos proxectos que recibisen unha subvención superior a 120.000 euros, así como outras non obrigatorias que se prevexan no documento de formulación do proxecto que acompaña a solicitude de subvención.

Para a presentación da memoria final, deberá utilizarse o modelo facilitado pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia que se poderá descargar da páxina web http://www.cooperaciongalega.org.

4. A entidade beneficiaria terá que conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, con excepción dos casos suficientemente xustificados e autorizados pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior. Nestes supostos, os xustificantes quedarán á disposición das actuacións e comprobación da DXCE e dos órganos de control establecidos pola normativa vixente.

Artigo 25º.-*Obrigas da entidade beneficiaria, seguimento, avaliación e control dos proxectos.*

1. As entidades beneficiarias deberán realizar a intervención para a que se lles concedeu a axuda no período de tempo determinado no documento de formulación, e sempre dentro da anualidade pertinente. Para estes efectos considérase vinculante o orzamento e a documentación presentada no documento de formulación do proxecto e na solicitude ou, de ser o caso, da súa reformulación, de terse esta efectuado.

2. As entidades beneficiarias de axudas deberán informar de xeito inmediato o centro directivo con competencia en materia de cooperación para o desenvolvemento sobre calquera acontecemento que altere ou dificulte notoriamente o adecuado desenvolvemento do proxecto subvencionado. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

3. As entidades beneficiarias obríganse a facilitarlle ao órgano xestor toda canta información lles sexa requirida respecto dos proxectos subvencionados. Ao mesmo tempo, as entidades beneficiarias obríganse a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

4. Así mesmo, as entidades beneficiarias obríganse a incorporar de forma visible en toda as accións derivadas do proxecto subvencionado (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade, etc.) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e a Cooperación Galega, todo isto en formato duradeiro e material resistente, para a debida difusión da orixe da subvención.

Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e en iguais condicións de seguridade. Ambos os dous logotipos poderán descargarse da páxina web da Cooperación Galega http://www.cooperaciongalega.org.

5. No proceso continuo de homoxeneizar os procedementos, metodoloxía e formularios de xestión do ciclo dos proxectos cos da Cooperación Oficial Española e da Unión Europea, o seguimento e avaliación

dos proxectos rexerase polos criterios básicos de pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto e sustentabilidade, seguindo a metodoloxía do marco lóxico e a xestión do ciclo do proxecto establecidos polo CAD e a propia Unión Europea.

6. A xestión dos proxectos poderá ser examinada durante a súa execución ou unha vez finalizada por representantes da Xunta de Galicia con competencias en materia de cooperación exterior ou por empresas avaliadoras contratadas para o efecto, para o que a entidade beneficiaria e a contraparte local facilitarán o acceso ás contas e documentos xustificativos requiridos, así como a calquera outra documentación relevante na execución do proxecto.

A avaliación final do proxecto analizará, de xeito sistemático e obxectivo, a pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto e sustentabilidade do proxecto financiado, adaptándose á especificidade deste nos termos de referencia (TdR).

A estrutura dos informes de avaliación seguirá tamén a metodoloxía e o formato utilizados pola Cooperación Española e a Unión Europea, recollendo como mínimo:

-Resumo: debe ser formulado de xeito compacto e breve (non máis de 5 páxinas) para ser empregado como un documento separado, centrándose nos puntos analíticos máis importantes e indicando as maiores conclusións, leccións adquiridas e recomendacións específicas.

-Texto principal: comezando por unha descrición do proxecto avaliado e os obxectivos da avaliación, deberá seguir os cinco criterios de avaliación describindo os feitos e analizándoos segundo cada un.

-Conclusións e recomendacións: en función da análise dos criterios de avaliación, as recomendacións deberían ser realistas, operativas, pragmáticas e orientadas á audiencias de todos os niveis.

-Anexos: termos de referencia da avaliación, nomes dos avaliadores e das súas empresas, metodoloxía para o estudo (fases, métodos de recollida de datos, etc.), marcos lóxicos (orixinal e actualizado), lista de persoas ou organizacións consultadas, literatura e documentación, outros anexos técnicos, etc.

O control financeiro interno correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

7. As entidades beneficiarias, en relación co seu persoal expatriado cooperante, obríganse a cumprir co establecido no Real decreto 519/2006, do 28 de abril, polo que se establece o Estatuto do cooperante.

Artigo 26º.-*Modificación das condicións.*

Precisarase autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte os seus obxectivos, beneficiarios/as, lugar, prazo de execución ou variación do custo total do proxecto ou das partidas orzamentarias en máis dun 20% do inicialmente aprobado. As solicitudes de modificacións substanciais do proxecto deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao secretario xeral de Relacións Exteriores, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

Artigo 27º.-*Reintegro por incumprimento.*

As entidades beneficiarias que incorresen en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditasen, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberán proceder ao reintegro da totalidade destas no caso de incumprimento pleno ou da parte proporcional no caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da exixencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, as entidades beneficiarias deberán reintegrar as subvencións nos demais supostos de reintegro previstos nestas bases reguladoras e demais normativa de aplicación.

Artigo 28º.-*Información aos órganos fiscalizadores.*

As entidades beneficiarias estarán obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia, o Tribunal de Contas español e o Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Artigo 29º.-*Recursos.*

As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación do disposto nestas bases reguladoras esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

a) Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

b) Directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se producise o acto presunto.

Artigo 30º.-*Remisión normativa.*

Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

*ANEXO I*

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| *AXUDAS AOS AXENTES DE COOPERACIÓN PARA EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR* | *PR803D* | *SOLICITUDE* |

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME COMPLETO DA ENTIDADE

ENDEREZO (RÚA, Nº) EN GALICIA | PROVINCIA | LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO/S | FAX | CORREO ELECTRÓNICO

PÁXINA WEB | CIF DA ENTIDADE | DATA CONSTITUCIÓN | DATA DE INSCRICIÓN NO REXISTRO GALEGO

Nº DE REXISTRO GALEGO DA ENTIDADE | NOME DO RESPONSABLE EN GALICIA DA ENTIDADE | SEDE CENTRAL EN GALICIA ☐ SI ☐ NON

Nº DE SOCIOS: GALICIA / RESTO ESPAÑA — TOTAL | PERSOAL: REMUNERADO / VOLUNTARIO — TOTAL | TEN OUTRAS DELEGACIÓNS NO RESTO DO ESTADO ☐ SI ☐ NON

## DATOS DO PROXECTO

TÍTULO DO PROXECTO

PAÍS | PROXECTO EN AGRUPACIÓN CON | NOME DA CONTRAPARTE

CÓDIGO DO SECTOR E SUBSECTOR CAD DA INTERVENCIÓN | PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO | DATA INICIO (MES/ANO) | DATA FIN (MES/ANO)

CUSTO TOTAL PROXECTO (€) | SUBVENCIÓN SOLICITADA (€) | % COFINANCIAMENTO DA XUNTA

### *COFINANCIAMENTO POR OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS*

| *ENTIDADE* | *IMPORTE* | *%* | *ESTADO* |
|---|---|---|---|
| | | | ☐ CONCEDIDO ☐ PENDENTE |
| | | | ☐ CONCEDIDO ☐ PENDENTE |
| | | | ☐ CONCEDIDO ☐ PENDENTE |

*TOTAL PORCENTAXE FINANC. PÚBLICO* | *TOTAL PORCENTAXE FINANC. PRIVADO*

*PRESENTA OUTROS PROXECTOS DE COOPERACIÓN NOUTRAS ADM. PÚBLICAS* ☐ SI (INDICAR CALES) ☐ NON

| *PROXECTO* | *ENTIDADE SUBVENCIONADORA* |
|---|---|
| | |
| | |
| | |

Nº PROXECTOS PRESENTADOS NESTA CONVOCATORIA | ESTABLEZA O Nº DE ORDE DE PRIORIDADE DESTE PROXECTO DE ENTRE OS PRESENTADOS

### *FINANCIAMENTO DO PROXECTO (EN €)*

| | *ENTIDADE* | *IMPORTE* | *% SOBRE O CUSTO TOTAL* |
|---|---|---|---|
| 1 *CUSTO TOTAL* | | | *100%* |
| 2 *SUBVENCIÓN SOLICITADA* | | | |
| 3 *OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS (EUROPEAS, ESTATAIS, AUTONÓMICAS, LOCAIS)* | | | |
| 4 *ACHEGA PROPIA DA ENTIDADE SOLICITANTE* | | | |
| 5 *CONTRIBUCIÓN DO SOCIO LOCAL* | | | |
| 6 *ACHEGAS PRIVADAS (IDENTIFICAR O ORGANISMO)* | | | |
| 7 *OUTRAS PETICIÓNS REALIZADAS PENDENTES DE RESPOSTA (IDENTIFICAR O ORGANISMO)* | | | |

### *POBOACIÓN BENEFICIARIA*

GRUPOS SOCIAIS

☐ INMIGRANTES ☐ UNIVERSITARIOS ☐ INDÍXENAS ☐ ADULTOS ☐ EDUCADORES
☐ PROFESIONAIS ☐ COMUNIDADE ☐ OUTROS ☐ MOZOS ☐ MULLERES
☐ NENOS ☐ CAMPESIÑOS ☐ REFUXIADOS ☐ EMPRESARIOS

Nº BENEFICIARIOS DIRECTOS | Nº BENEFICIARIOS INDIRECTOS | Nº HAB. MUNICIPIOS INTERVENCIÓN | Nº HAB. COMUNIDADES INTERVENCIÓN

## DATOS DA/S PERSOA/S RESPONSABLE/S DO PROXECTO

| | |
|---|---|
| PERSOA QUE PRESENTA O PROXECTO | CARGO |
| NOME PERSOA RESPONSABLE XESTIÓN DO PROXECTO EN GALICIA | CARGO |
| NOME RESPONSABLE LOCAL DO PROXECTO | CARGO |

| | | |
|---|---|---|
| ENDEREZO | TELÉFONO/S | CORREO ELÉCTRONICO |

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia,* na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

## DOCUMENTACIÓN

**CARPETA 1: INFORMACIÓN RELATIVA Á ENTIDAD ESOLICITANTE.**

☐ a) Certificación asinada polo secretario da entidade, relativa á:
- Representación da persoa responsable legal da entidade (para aquelas entidades con domicilio social en Galicia) e copia compulsada do DNI. En defecto da certificación do secretario, presentarase poder bastante sobre a representación do responsable ou delegado en Galicia que actúe en nome da entidade.
- Depósito dos estatutos na oficina pública correspondente, cando proceda.
- Dispoñer de sede central ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, excepto as universidades e as comunidades galegas e os seus centros colaboradores.
- Composición do órgano de goberno da dirección da entidade.
- CIF da entidade.

No caso de que calquera documento dos recollidos nesta letra a) carecese de vixencia no Rexistro de Axentes de Cooperación, farase indicación expresa sobre este e achegarase, debidamente compulsado, co obxecto de ser incorporado de oficio ao rexistro.

☐ b) No caso de que a entidade presentase a documentación incluída na letra a), ou parte dela a outra convocatoria de axudas das convocadas pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con achegar unha declaración especificando a documentación xa presentada, así como o número de expediente no que se atopa incorporada, anexando a documentación que falte.

☐ c) Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incursa en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo modelo que figura como anexo IV.

☐ d) Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias e sociais e certificación da Consellería de Economía e Facenda de non ter ningunha débeda por ningún concepto coa facenda autonómica, agás as universidades e as comunidades galegas no exterior.

☐ e) Declaración do representante legal da entidade en que se precisen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

☐ f) Certificación da Secretaría da entidade en Galicia con referencia ao balance de contas da entidade da última liquidación do orzamento rendida e aprobada, con excepción das universidades.

☐ g) Memoria da organización en que se inclúan as accións da entidade nos últimos dous anos.

☐ h) Plan/estratexia de cooperación da entidade para os seguintes anos (dous como mínimo) en que se enmarca o proxecto presentado.

☐ i) Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, o contrato ou acuerdo de colaboración asinado entre os seus representantes legais polo que se obrigan solidariamente ante a Xunta de Galicia.

☐ j) Os axentes de cooperación que pola súa natureza xurídica posúan ánimo de lucro achegarán un documento de compromiso de non obter ningún beneficio da operación, segundo o artigo 23 b), da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento.

☐ k) As universidades incluirán certificación, expedida polo representante legal segundo o establecido ao respecto na normativa de universidades e nos respectivos estatutos, autorizando a presentación do proxecto á convocatoria, e autorizando, así mesmo, o compromiso de gasto correspondente.

**CARPETA 2: INFORMACIÓN RELATIVA Á CONTRAPARTE LOCAL**

☐ a) Documentación acreditativa da representación legal da entidade:
- Copia do documento en que se recolla nomeamento do representante legal e do seu documento ou cédula de identidade.

☐ b) Declaración do representante legal da entidade en que se especifique, se procede: a personalidade xurídica do socio ou contraparte local; o seu domicilio social; o número de identificación fiscal da entidade; balance de ingresos e gastos da última liquidación orzamentaria; o número de socios/as da entidade e descrición da vinculación existente entre a entidade e o persoal ao servizo desta.

☐ c) Copia dos estatutos da entidade.

☐ d) Copia do número de identificación fiscal da entidade.

☐ e) Memoria de actividades e traballos da entidade, onde se inclúan outros proxectos de cooperación ao desenvolvemento nos cales participase, así como experiencia acadada na zona e no sector de actuación do proxecto (como mínimo dos dous últimos anos).

☐ f) No caso de que a entidade presentase esta documentación ou parte a outra convocatoria de axudas das convocadas pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con achegar unha **declaración** especificando a documentación xa presentada, así como o número de expediente no que se atopa incorporada, anexando a documentación que falte.

*** CARPETA 3: INFORMACIÓN RELATIVA AO PROYECTO**

☐ - Formulario de identificación do proxecto.

☐ - Formato CD do formulario.

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Resolución do 12 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades formativas e de sensibilización e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.*

SINATURA DO SOLICITANTE (RESPONSABLE ENTIDADE EN GALICIA)

*Lugar e data*

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
Nº EXPEDIENTES ____________ DATA DE ENTRADA___ / ___ / _____

REQUIRIDO
DATA ___ / ___ / _____ XUSTIFICANTE DE RECEPCIÓN___ / ___ / _____
RECIBIDO ___ / ___ / _____

VALORACIÓN
DATA ___ / ___ / _____ PUNTUACIÓN _______

SUBVENCIONADO
€_________________ % TOTAL _______

RESOLUCIÓN
DATA ___ / ___ / _____ XUSTIFICANTE DE RECEPCIÓN___ / ___ / _____

ACEPTACIÓN
☐ SI DATA ___ / ___ / _____ ☐ NON

REFORMULACIÓN
☐ DATA ___ / ___ / _____

*Secretario xeral de Relacións Exteriores*

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

*ANEXO II*

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| ***AXUDAS A ONGD PARA EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS E/OU DE SENSIBILIZACIÓN EN GALICIA*** | ***PR804A*** | ***SOLICITUDE*** |

## DATOS DA ONGD SOLICITANTE

NOME COMPLETO DA ORGANIZACIÓN NON GOBERNAMENTAL

| ENDEREZO (RÚA, Nº) EN GALICIA | PROVINCIA | LOCALIDADE |
|---|---|---|
| | | |

| CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO/S | FAX | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|---|
| | | | |

| PÁXINA WEB | CIF DA ONGD | DATA CONSTITUCIÓN | DATA DE INSCRICIÓN NO REXISTRO GALEGO |
|---|---|---|---|
| | | | |

| Nº DE REXISTRO GALEGO DA ONGD | NOME DO RESPONSABLE EN GALICIA DA ONGD | SEDE CENTRAL EN GALICIA |
|---|---|---|
| | | ☐ SI ☐ NON |

| Nº DE SOCIOS | PERSOAL | TEN OUTRAS DELEGACIÓNS NO RESTO DO ESTADO |
|---|---|---|
| GALICIA ☐ RESTO ESPAÑA ☐ TOTAL ☐ | REMUNERADO ☐ VOLUNTARIO ☐ TOTAL ☐ | ☐ SI ☐ NON |

## DATOS DO PROXECTO

| TÍTULO DO PROXECTO | LOCALIDADE | Nº DE BENEFICIARIOS |
|---|---|---|
| | | |

| PROXECTO EN AGRUPACIÓN CON | PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO | DATA INICIO (MES/ANO) | DATA FIN (MES/ANO) |
|---|---|---|---|
| | | | |

| CUSTO TOTAL PROXECTO (€) | SUBVENCIÓN SOLICITADA (€) | % COFINANCIAMENTO DA XUNTA |
|---|---|---|
| | | |

***COFINANCIAMENTO POR OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS***

| ***ENTIDADE*** | ***IMPORTE*** | ***%*** | ***ESTADO*** |
|---|---|---|---|
| | | | ☐ CONCEDIDO ☐ PENDENTE |
| | | | ☐ CONCEDIDO ☐ PENDENTE |
| | | | ☐ CONCEDIDO ☐ PENDENTE |
| ***TOTAL PORCENTAXE FINANC. PÚBLICO*** | | ***TOTAL PORCENTAXE FINANC. PRIVADO*** | |

***PRESENTA OUTROS PROXECTOS DE COOPERACIÓN NOUTRAS ADM. PÚBLICAS*** ☐ SI (INDICAR CALES) ☐ NON

| ***PROXECTO*** | ***ENTIDADE SUBVENCIONADORA*** |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| Nº PROXECTOS PRESENTADOS NESTA CONVOCATORIA | ESTABLEZA O Nº DE ORDE DE PRIORIDADE DESTE PROXECTO DE ENTRE OS PRESENTADOS |

***EXPERIENCIA PREVIA EN PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL***

| ***ANO TOTAL (€)*** | ***PROXECTO*** | ***IMPORTE*** | ***ORGANISMOS COFINANCIADORES*** | ***SUBVENCIÓN*** |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

## FINANCIAMENTO DO PROXECTO

| | ENTIDADE | IMPORTE | % SOBRE O CUSTO TOTAL |
|---|---|---|---|
| CUSTO TOTAL | | | 100% |
| SUBVENCIÓN SOLICITADA | | | |
| OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS (EUROPEAS, ESTATAIS, AUTONÓMICAS, LOCAIS) | | | |
| ACHEGA PROPIA DA ENTIDADE SOLICITANTE | | | |
| ACHEGAS PRIVADAS (IDENTIFICAR O ORGANISMO) | | | |
| OUTRAS PETICIÓNS REALIZADAS PENDENTES DE RESPOSTA (IDENTIFICAR O ORGANISMO) | | | |

## DATOS DA/S PERSONA/S RESPONSABLE/S DO PROXECTO

| | |
|---|---|
| PERSOA QUE PRESENTA O PROXECTO | CARGO |
| NOME PERSOA RESPONSABLE XESTIÓN DO PROXECTO EN GALICIA | CARGO |
| TELÉFONO/S | CORREO ELÉCTRONICO |

Quen abaixo asina DECLARA QUE presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

## DOCUMENTACIÓN

*** CARPETA 1: INFORMACIÓN RELATIVA Á ONGD SOLICITANTE**

☐ a) Certificación da Secretaría da entidade en Galicia acreditativa da vixencia dos datos depositados no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento, con indicación do nº de inscrición no dito rexistro.

No caso de que calquera documento dos recollidos nesta letra a) carecese de vixencia no Rexistro de Axentes de Cooperación, farase indicación expresa sobre el e achegarase, debidamente compulsado, co obxecto de ser incorporado de oficio ao rexistro.

☐ b) Memoria da organización na cal se inclúan as accións da entidade nos últimos dous anos.

☐ c) Plan/estratexia de cooperación da organización para os seguintes anos (dous como mínimo).

☐ d) Declaración do representante legal da entidade na cal conste que a entidade solicitante non está incursa en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo modelo que figura como anexo IV.

☐ e) Declaración do representante legal da entidade na cal se precisen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

☐ f) Certificación da Secretaría da entidade en Galicia con referencia ao balance de contas da entidade da última liquidación do orzamento rendida e aprobada polo órgano competente da entidade na cal figuren, expresamente, o número de socios/as en Galicia.

☐ g) Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, **contrato ou acordo** de colaboración asinado entre os seus representantes legais polo que se obrigan solidariamente ante a Xunta de Galicia.

☐ h) No caso de que a entidade presentase a documentación incluída nas letras a), b) ou c) ou parte dela a outra convocatoria de axudas das convocadas pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con achegar unha **declaración** especificando a documentación xa presentada, así como o número de expediente no cal se atopa incorporada, anexando a documentación que falte.

*** CARPETA 2: INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO**

☐ - Formulario de identificación do proxecto.

☐ - Formato CD do formulario.

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Resolución do 12 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades formativas e de sensibilización e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.*

SINATURA DO SOLICITANTE (RESPONSABLE ONGD EN GALICIA)

_______________________, de _______________ de _________

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
Nº EXPEDIENTES ____________ DATA DE ENTRADA___ / ___ / _____

REQUIRIDO
DATA ___ / ___ / _____ AVISO DE RECEPCIÓN___ / ___ / _____
RECIBIDO ___ / ___ / _____

VALORACIÓN
DATA ___ / ___ / _____ PUNTUACIÓN _______

SUBVENCIONADO
€________________ % TOTAL _______

RESOLUCIÓN
DATA ___ / ___ / _____ AVISO DE RECEPCIÓN ___ / ___ / _____

ACEPTACIÓN
☐ SI DATA ___ / ___ / _____ ☐ NON

REFORMULACIÓN
☐ DATA ___ / ___ / _____

*Secretario xeral de Relacións Exteriores*

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

*ANEXO III*

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| ***AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E FORTALECEMENTO DE ONGD*** | ***PR808A*** | ***SOLICITUDE*** |

**DATOS DA ONGD SOLICITANTE**

NOME COMPLETO DA ORGANIZACIÓN NON GOBERNAMENTAL

ENDEREZO (RÚA, Nº) | PROVINCIA | LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO/S | FAX | CORREO ELECTRÓNICO

CIF DA ONGD | DATA CONSTITUCIÓN | DATA DE INSCRICIÓN NO REXISTRO GALEGO | Nº DE REXISTRO GALEGO DA ONGD

NOME DO RESPONSABLE EN GALICIA DA ONGD | SEDE CENTRAL EN GALICIA ☐ SI ☐ NON

Nº DE SOCIOS GALICIA ☐ RESTO ESPAÑA ☐ TOTAL ☐ | PERSOAL REMUNERADO ☐ VOLUNTARIO ☐ TOTAL ☐ | TEN OUTRAS DELEGACIÓNS NO RESTO DO ESTADO ☐ SI ☐ NON

**DATOS DO PROXECTO DE CONSOLIDACIÓN E FORTALECEMENTO**

TÍTULO DO PROXECTO

PROXECTO EN AGRUPACIÓN CON | PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO | DATA INICIO (MES/ANO) | DATA FIN (MES/ANO)

CUSTO E TOTAL PROXECTO (€) | SUBVENCIÓN SOLICITADA (€) | % COFINANCIAMENTO DA XUNTA

***COFINANCIAMENTO POR OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS***

| *ENTIDADE* | *IMPORTE* | *%* | *ESTADO* |
|---|---|---|---|
| | | | ☐ CONCEDIDO ☐ PENDENTE |
| | | | ☐ CONCEDIDO ☐ PENDENTE |
| | | | ☐ CONCEDIDO ☐ PENDENTE |
| ***TOTAL PORCENTAXE FINANC. PÚBLICO*** | | ***TOTAL PORCENTAXE FINANC. PRIVADO*** | |

***FINANCIAMENTO DO PROXECTO***

| | *ENTIDADE* | *IMPORTE* | *% SOBRE O CUSTO TOTAL* |
|---|---|---|---|
| CUSTO TOTAL | | | 100% |
| SUBVENCIÓN SOLICITADA | | | |
| OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS (EUROPEAS, ESTATAIS, AUTONÓMICAS, LOCAIS) | | | |
| ACHEGA PROPIA DA ENTIDADE SOLICITANTE | | | |
| ACHEGAS PRIVADAS (IDENTIFICAR O ORGANISMO) | | | |
| OUTRAS PETICIÓNS REALIZADAS PENDENTES DE RESPOSTA (IDENTIFICAR O ORGANISMO) | | | |

**DATOS DA/S PERSOA/S RESPONSABLE/S DO PROXECTO**

PERSOA QUE PRESENTA O PROXECTO | CARGO

NOME PERSOA RESPONSABLE XESTIÓN DO PROXECTO EN GALICIA | CARGO

TELÉFONO/S | CORREO ELÉCTRONICO

Quen abaixo asina DECLARA QUE presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Resolución do 12 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades formativas e de sensibilización e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.*

SINATURA DO SOLICITANTE (RESPONSABLE ONGD EN GALICIA)

_______________ , ______ de _______________ de ________

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
Nº EXPEDIENTES ____________ DATA DE ENTRADA___ / ___ / _____

REQUIRIDO
DATA ___ / ___ / _____ AVISO DE RECEPCIÓN___ / ___ / _____
RECIBIDO ___ / ___ / _____

VALORACIÓN
DATA ___ / ___ / _____ PUNTUACIÓN _______

SUBVENCIONADO
€________________ % TOTAL _______

RESOLUCIÓN
DATA ___ / ___ / _____ AVISO DE RECEPCIÓN ___ / ___ / _____

ACEPTACIÓN
☐ SI DATA ___ / ___ / _____ ☐ NON

REFORMULACIÓN
☐ DATA ___ / ___ / _____

*Secretario xeral de Relacións Exteriores*

**DOCUMENTACIÓN**

*** CARPETA 1: INFORMACIÓN RELATIVA Á ONGD SOLICITANTE**

- ☐ a) Certificación da Secretaría da entidade en Galicia acreditativa da vixencia dos datos depositados no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento, con indicación do nº de inscrición no dito rexistro.

No caso de que calquera documento dos recollidos nesta letra a) carecese de vixencia no Rexistro de Axentes de Cooperación, farase indicación expresa sobre este e achegarase, debidamente compulsado, co obxecto de ser incorporado de oficio ao rexistro.

- ☐ b) Memoria da organización en que se inclúan as accións da entidade nos últimos dous anos.
- ☐ c) Plan/estratexia da organización en todos os seus ámbitos de actuación, para os seguintes anos (dous como mínimo).
- ☐ d) Declaración do representante legal da entidade en que conste que a entidade solicitante non está incursa en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo modelo que figura como anexo IV.
- ☐ e) Declaración doutras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.
- ☐ f) Certificación do secretario da entidade ou do delegado en Galicia con referencia ao balance de contas da entidade da última liquidación do orzamento rendida e aprobada polo órgano competente da entidade en que figuren, expresamente, o número de socios/as en Galicia.
- ☐ g) Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar á solicitude o contrato ou acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais polo que se obrigan solidariamente ante a Xunta de Galicia polas posibles responsabilidades derivadas da execución do proxecto.
- ☐ h) De ser o caso, escritura de compravenda ou de doazón ou contrato de alugueiro do local social que vaia ser empregado como sede da agrupación de entidades ou, de ser o caso, acordo, certificación ou documento que acredite a cesión ou posta á disposición do local a nome da ONGD solicitante.
- ☐ i) De ser o caso, facturas de gastos fixos correspondentes ao último ano. Non se inclúen os gastos variables como electricidade, auga, teléfono e outros de semellante natureza.
- ☐ j) De ser o caso, documentos acreditativos da relación ou vinculación existente entre a entidade e o persoal ao servizo desta (contratos laborais, declaración responsable, etc.).
- ☐ k) No caso de que a entidade presentase a documentación incluída nas letras a), b) ou c) ou parte dela a outra convocatoria de axudas das convocadas pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con achegar unha declaración especificando a documentación xa presentada, así como o número de expediente en que se atopa incorporada, anexando a documentación que falte.

*** CARPETA 2: INFORMACIÓN RELATIVA AO PROXECTO**

- ☐ - Formulario de identificación do proxecto
- ☐ - Formato CD do formulario

*ANEXO IV*

**DECLARACIÓN XURADA**

Don/Dona ______________________, con NIF __________

en nome propio ou en representación da entidade ______________________,

con CIF __________ e en calidade de ______________________ da entidade,

**DECLARA RESPONSABLEMENTE:**

Para os efectos do previsto nos artigos 3.2º, 8.2º e 13.2º da resolución pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación para actividades formativas e de sensibilización e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, que a citada entidade non está incursa en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

______________________, ______ de ______________ de ______

(Sinatura)

*Secretario xeral de Relacións Exteriores*